

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista.

De conformidade co establecido no Decreto 125/2017, do 30 de novembro, o Decreto 161/2018, do 5 de decembro e o Decreto 30/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2017, 2018 e 2019, respectivamente, este centro directivo, logo da elaboración pola Comisión Técnica de Procesos Selectivos e posterior negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias que lle atribúen o artigo 8 dos mencionados decretos e o artigo 4.1.b) da Orde do 5 de xullo de 2012 (*Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde resolve convocar concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista de acordo coas seguintes

BASES**I. Normas xerais.****1.1. Prazas.**

1.1.1. Convócase concurso-oposición para o ingreso nas seguintes especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista: enfermaría de saúde mental, enfermaría do traballo, enfermaría familiar e comunitaria, enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátrica.

1.1.2. O número de prazas que se convoca neste proceso selectivo especificase, para cada especialidade, no anexo I desta resolución, con expresión diferenciada das prazas polo seu sistema de acceso.

1.2. Sistemas de acceso.

As persoas interesadas poderán participar neste proceso selectivo por algún dos seguintes sistemas de acceso: acceso libre, acceso de persoas con discapacidade ou promoción interna.



Os/as aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas. Logo de finalizado o prazo de inscrición non se permitirá ningún cambio na modalidade de acceso.

Como excepción, os/as aspirantes que soliciten participar pola quenda de discapacidade e non dispoñan ao tempo de presentar a inscrición, malia telo solicitado, do certificado de recoñecemento do grao de discapacidade emitido polo órgano competente, deberán sinalar no formulario electrónico de inscrición a dita circunstancia no espazo habilitado para o efecto, efectuar o pagamento da taxa correspondente e achegar a solicitude de recoñecemento de discapacidade presentada.

Neste suposto resultará admitido/a pola quenda de discapacidade e poderá solicitar o reintegro da taxa aboada sempre que acredite documentalmente ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % nos termos exixidos na convocatoria, o último día do prazo de presentación de reclamacións contra a listaxe provisional de admitidos/excluídos. Noutro suposto, resultará admitido polo sistema de acceso libre.

1.3. Persoas con discapacidade.

1.3.1. De conformidade co establecido na lexislación do emprego público de Galicia, o artigo 8 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o artigo 5 do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2017, o artigo 6 do Decreto 161/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2018 e o artigo 6 do Decreto 30/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2019 resérvase o número de prazas que se concreta no anexo I para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

1.3.2. No suposto de que algún/algunha aspirante con discapacidade que se presente pola cota de reserva supere o proceso selectivo e non obteña praza na citada cota, e a súa puntuación sexa superior á obtida por outros/as aspirantes da quenda de acceso libre, será incluído/a pola súa orde de puntuación na quenda de acceso libre.

1.3.3. Os/as aspirantes con discapacidade, opten ou non opten por participar na quenda reservada a persoas con discapacidade, poderán solicitar adaptación de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios. Os/as interesados/as, agás causas sobrevidas, deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación en que



deberán reflectir con claridade as necesidades específicas que ten o/a candidato/a para acceder ao proceso de selección en condicións de igualdade, debendo achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna, a/s deficiencia/s permanente/s que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido.

As solicitudes de adaptación serán resoltas polo órgano de selección. Para tal efecto, o tribunal poderá requirir informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos demais órganos competentes. A adaptación non se outorgará de forma automática senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar.

1.3.4. Co fin de garantir a protección da saúde dos/das aspirantes que superen definitivamente o proceso selectivo pola quenda de reserva de persoas con discapacidade efectuarase unha avaliación inicial da súa saúde que permita adoptar as medidas preventivas e de protección necesarias para evitar que se poidan ver afectados/as de xeito singular por algún risco laboral identificado no seu posto de traballo. A dita avaliación será realizada pola Unidade Periférica de Prevención de Riscos Laborais de referencia para o centro de xestión a que pertenza a praza adxudicada.

1.3.5. Segundo o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, se as prazas reservadas que as persoas con discapacidade cubrisen non acadan a porcentaxe do tres por cento das prazas convocadas na correspondente oferta de emprego público, as prazas non cubertas do número total das reservadas acumularanse á porcentaxe do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento. Noutro caso, as prazas reservadas á quenda de discapacidade, non cubertas, acumularanse a acceso libre.

1.4. Promoción interna.

1.4.1. De conformidade co establecido no artigo 25.1 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o artigo 4 do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público de persoal estatutario para o ano 2017, o artigo 5 do Decreto 161/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público de persoal estatutario para o ano 2018 e o artigo 5 do Decreto 30/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público de persoal estatutario para o ano 2019, resérvase o 50 % do total das prazas que se convocan para a súa provisión polo sistema de promoción interna.



1.4.2. Cando o resultado da aplicación da citada porcentaxe dea un resto igual ou superior a 0,5 prazas, computarase como unha praza que se incluírá nesta reserva.

1.4.3. As prazas da quenda de promoción interna que non sexan cubertas acumularanse ás da quenda de acceso libre.

II. Requisitos.

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e no momento da toma de posesión como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos comúns para todas as quendas de acceso.

2.1.1. Nacionalidade:

a) Posuir a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, estar incluído no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

b) Así mesmo, poderán participar o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, e sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

2.1.2. Idade: ter feitos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa legalmente vixente.

2.1.3. Capacidade funcional: posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.

2.1.4. Habilitación: non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun



Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

2.1.5. Titulación: estar en posesión da titulación que se especifica para cada especialidade no anexo I desta resolución ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

2.1.6. Protección xurídica do menor. Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade coa previsión contida no artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo.

2.1.7. Aboar as taxas por dereito de exame, de ser o caso.

Non poderán formalizar a súa inscrición no proceso selectivo as persoas que reunisen na dita data a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría.

2.2. Requisitos específicos.

2.2.1. Persoas con discapacidade.

Ademais dos requisitos anteriores, os/as aspirantes que se presenten pola quenda de persoas con discapacidade terán que ter recoñecida a condición legal de persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento.

2.2.2. Promoción interna.

As persoas aspirantes que accedan pola quenda de promoción interna deberán reunir, ademais dos requisitos indicados no punto 2.1, os seguintes requisitos:

1º. Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior á aquela a que se pretende acceder.



2º. Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia.

Ao persoal integrado no réxime estatutario, seralle computado, para os efectos do prazo dos dous anos, o tempo de servizos prestados como funcionario/a de carreira ou laboral fixo.

No suposto de perda dalgún dos requisitos enumerados nesta base, as persoas aspirantes poderán ser excluídas do proceso mediante resolución motivada do órgano convocante.

2.3. Taxas.

2.3.1. Formalización do pagamento das taxas.

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como requisito necesario para participar no proceso selectivo, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe de 36,36 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o ingreso da taxa empregarase un impreso de autoliquidación como o sinalado no anexo VII. Tal impreso, así como os códigos para a súa formalización, seranlles facilitados ás persoas interesadas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e estarán dispoñibles na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe de emprego público. A non presentación deste impreso de autoliquidación, –no cal deberá figurar a data e o selo da entidade bancaria–, xunto co formulario de inscrición no proceso, determinará a exclusión da persoa aspirante.

Poderase tamén realizar o pagamento da taxa pola internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web do Cixtec (www.cixtec.es) e premer a ligazón Oficina Virtual-Tributaria (cor azul), entrar a servizos de acceso libre e taxas, prezos, multas e sancións. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa (modelo 730), que será o que se presente xunto coa solicitude. Así



mesmo, o/a solicitante poderá facer efectivo o pagamento da taxa desde Fides/expediente, habilitándose un enlace directo ao sistema de pagamento electrónico de taxas da Consellería de Facenda.

En ambos os supostos, a presentación do xustificante de aboamento non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

2.3.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa:

Estarán exentos do pagamento da taxa por dereito de inscrición:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada:

- Polas persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- Polas persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso a seguinte documentación:

- Copia compulsada da cualificación de discapacidade.
- Copia compulsada do título oficial de familia numerosa, de carácter ordinario ou especial.
- Certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.



2.3.3. Devolución de taxas.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolverase, logo dos trámites correspondentes, aos/ás aspirantes excluídos/as que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

2.4. Rexistro electrónico dos requisitos de participación.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán declarar no formulario electrónico de inscrición que reúnen todos os requisitos de participación exixidos nesta convocatoria segundo a quenda de acceso pola que opten. Ao formulario electrónico de inscrición accederase a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) na epígrafe Fides/expedient-e/Sección de Procesos/OPE.

2.5. Prazo e procedemento de acreditación dos requisitos de participación.

2.5.1. As persoas aspirantes, excepto no suposto e respecto da documentación que se sinala na base 2.6, deberán presentar xunto coa solicitude de participación, e dentro do prazo de presentación de instancias a seguinte documentación:

1. Fotocopia do documento nacional de identidade, pasaporte ou número de identidade estranxeiro en vigor.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar neste proceso selectivo segundo o disposto na base 2.1.1.b) deberán presentar, ademais, copia compulsada dos documentos oficiais que acrediten o vínculo de parentesco, así como unha declaración xurada ou promesa do español/a ou do/a nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separado/a de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, da circunstancia de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

2. Xustificante de ter aboado os dereitos de exame. As persoas exentas ou con bonificación no pagamento das taxas deberán presentar copia cotexada da documentación que acredite este dereito nos termos exixidos na base 2.3.2.

3. Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría ou a documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, nos termos previstos nos anexos I e V desta resolución.



Deberá presentarse tradución xurada ou equivalente segundo o disposto no anexo V daqueles títulos que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse ademais o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou recoñecemento.

O/a aspirante non terá a obriga de achegar a documentación acreditativa da titulación cando esta conste como validada (V) en Fides/expedient-e.

2.5.2. As persoas que accedan pola quenda de discapacidade deberán presentar, ademais da documentación anterior, copia compulsada do documento que acredite ter recoñecida a condición legal de persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento.

2.5.3. As persoas que accedan pola quenda de promoción interna non terán que presentar a documentación acreditativa da súa identidade.

2.5.4. A falta de acreditación pola persoa interesada dos requisitos de participación determinará a súa exclusión do proceso de selección.

2.5.5. En todo caso, a autoridade convocante reserva para si o dereito a exixir que se acredite convenientemente a existencia ou non dos requisitos de participación e idoneidade dos/das aspirantes, en calquera momento anterior á resolución definitiva do concurso-oposición.

2.6. Verificación dos requisitos de participación a través da plataforma de intermediación.

2.6.1. Excepto no suposto de oposición expresa do/da aspirante manifestada no espazo habilitado para o efecto no formulario electrónico de inscrición no proceso (Fides/expedient-e), o órgano convocante procederá a verificar na plataforma de intermediación (PasaXe!) a seguinte documentación acreditativa dos requisitos de participación:

– DNI/NIE.

– Certificado de discapacidade expedido por un órgano da Comunidade Autónoma de Galicia.



– Condición de demandante de emprego no territorio nacional e de non ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego.

– Título de familia numerosa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fóra destes supostos ou cando conste a oposición expresa á súa consulta, os/as aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa de todos os requisitos nos termos que se indican na base 2.5.

2.6.2. Se unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilita o funcionamento ordinario dos sistemas, o órgano convocante poderá requirir o/a aspirante a acreditación en papel de todos os requisitos de participación.

III. Méritos.

3.1. Méritos que se van valorar.

Os méritos que se terán en conta na fase de concurso deste proceso serán os recollidos no anexo IV e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Fides/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na forma e prazos que se indican nesta convocatoria.

3.2. Rexistro electrónico e acreditación de méritos.

3.2.1. Para o rexistro electrónico dos méritos, os/as aspirantes deberán proceder da seguinte forma:

As persoas interesadas accederán a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) ao expediente electrónico do profesional (Fides/expedient-e) segundo se indica no anexo VI destas bases e comprobarán os datos do seu currículo baremables no proceso de selección que constan rexistrados na aplicación informática, así como o seu estado.

Se non consta ningunha información ou está incompleta, a persoa aspirante, ata o último día do prazo de presentación de solicitudes, deberá rexistrar no sistema Fides/Expediente-e os méritos que posúe para os efectos da súa valoración na fase de concurso. Logo do



seu rexistro electrónico, deberá imprimir a solicitude de validación, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe de «informe».

A solicitude de validación para este proceso dirixirase a unha unidade de validación das relacionadas no formulario electrónico de inscrición e poderá presentarse ata o último día do prazo de presentación de instancias en rexistro administrativo, electrónico ou presencial, ou a través de calquera dos procedementos que se indican na base 5.2.

Para o rexistro electrónico da solicitude requírirase dun certificado dixital válido: FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma.

3.2.2. Xunto coa solicitude de validación, o/a aspirante deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuren pendentes de validación nos termos que se indican no anexo V. Só se admitirá como medio de acreditación válido o que se indica para cada un dos méritos no indicado anexo.

A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde que figura cada un dos méritos na solicitude de validación.

3.2.3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva non se admitirá, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha documentación acreditativa de novos méritos aínda que consten rexistrados no expediente electrónico, agás aquela documentación que, exixida no anexo V e constando documentalmente ter sido solicitada polo/a interesado/a ao organismo ou entidade competente no prazo de presentación de solicitudes ou nun momento anterior, esta non fose recepcionada polo/a interesado/a no indicado prazo, suposto en que se admitirá a súa presentación no prazo de reclamación contra a lista provisional de admitidos/excluídos.

Fóra deste suposto e prazo non se admitirá a presentación de ningunha documentación acreditativa de novos méritos.

3.2.4. Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* solicitasen, mediante a achega da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se atope validado ou pendente de catalogar pola Administración, non terán que presentar novamente a documentación acreditativa de tal/es mérito/s agás a complementaria que resulte necesaria para a súa actualización.



É responsabilidade do/da aspirante a actualización de méritos consonte a data de referencia deste proceso mediante a presentación de novos certificados. No suposto de que non se produza tal actualización, só se terán en conta os achegados inicialmente.

3.2.5. Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* solicitasen, mediante a presentación da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se atope pendente de validar, deberán presentar, de ser o caso, dentro do prazo de presentación de solicitudes, a documentación complementaria para acreditar debidamente o mérito nos termos do anexo V.

3.2.6. Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* rexistrasen no sistema informático os seus méritos, que figuran como pendentes de validar sen que presentasen ningunha documentación acreditativa deles, deberán solicitar a súa validación e acreditar documentalmente a súa posesión nos termos do anexo V dentro do prazo de presentación de instancias para que poidan ser, se é o caso, valorados no dito procedemento.

3.2.7. Non será necesaria a acreditación documental do cumprimento dos seguintes méritos:

– A experiencia profesional como persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.

– A formación recibida e impartida pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento e Saúde.

3.2.8. A Administración poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

3.2.9. Para os efectos deste proceso, e sen prexuízo da súa validación e catalogación nun momento posterior, poderán deixarse sen validar e catalogar no expediente electrónico persoal do/da aspirante aqueles méritos que non teñan incidencia na puntuación a asignar na fase de concurso por ter acadado o/a aspirante, cos méritos xa validados e catalogados, a puntuación máxima na respectiva epígrafe do baremo.



3.2.10. Os méritos que na data de publicación desta convocatoria figuren como validados en Fides/expedient-e permanecerán no dito estado, agás nos supostos en que se aprecie un erro de validación que obrigue á súa modificación.

Os méritos que non consten rexistrados no sistema informático na data de finalización do prazo de presentación de instancias non serán obxecto de valoración.

IV. Acreditación do coñecemento da lingua galega.

Para os efectos de resultar exento/a da realización do exercicio de lingua galega, aqueles/as aspirantes de calquera quenda de acceso, que estean en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, deberán rexistrar este na epígrafe «idiomas» do expedient-e e achegar copia compulsada do mesmo dentro do prazo de presentación da solicitude de participación, salvo que xa conste este título como validado no expedient-e.

Admitirase a súa acreditación ata o último día do prazo de presentación de reclamacións contra a lista provisional de admitidos/excluídos.

As persoas aspirantes que non acheguen a documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega nos termos establecidos nesta base deberán realizar o exercicio de lingua galega.

V. Solicitude.

5.1. Formulario de inscrición.

5.1.1. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán cubrir unha única solicitude de participación, en modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e/Sección de Procesos/OPE), á cal se accederá seguindo as instrucións que se establecen no anexo VI, e que logo de formalizada electronicamente deberán imprimir, asinar e presentar nos lugares e prazo indicados nos apartados 5.2 e 5.3, respectivamente.

O/a aspirante deberá seleccionar no formulario electrónico de inscrición o idioma, galego ou castelán, en que desexa que se lle facilite, na data de exame, o cuestionario de preguntas da parte común e específica da fase de oposición.



5.1.2. Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación ou en calquera dos documentos acreditativos dos requisitos de participación.

As modificacións que, con carácter excepcional, resulte necesario que efectúe o/a aspirante nalgún dos datos contidos na solicitude de participación impresa efectuaranse mediante escrito dirixido á mesma unidade de validación á cal se dirixa a instancia de participación e no cal se indicará con claridade a modificación que se pretende.

Tal solicitude de modificación deberá presentarse, xunto coa instancia que modifica ou copia desta, a través do procedemento e prazo previstos na cláusula 5.2 e 5.3 desta convocatoria.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirán as modificacións das solicitudes previamente presentadas.

5.1.3. Os/as aspirantes con discapacidade que o precisen deberán sinalar na solicitude as adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios, de conformidade co establecido na base 1.3.

5.1.4. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/las aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

5.1.5. O domicilio que figure nas solicitudes considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto o erro na súa consignación como a comunicación ao Servizo Galego de Saúde de calquera cambio del. O mesmo será aplicable aos outros medios de comunicación posibles, como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

A Administración convocante poderá comunicar a través de Fides/expedient-e, de forma xeral ou individualizadamente, calquera nova que se produza no desenvolvemento do proceso.

5.1.6. Xunto coa solicitude de participación, a persoa aspirante deberá achegar a documentación exixida na base 2.5, a xustificación documental de todos os méritos previamente rexistrados no expediente electrónico que non acreditase nos termos da base 3.2 e, se é o caso, a documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.



5.2. Lugar de presentación.

As solicitudes de participación no concurso-oposición dirixiranse a unha unidade de validación das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e poderán presentarse por rexistro electrónico, de forma presencial no rexistro xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderanse cursar, no prazo expresado no número tres desta base, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.3. Prazo de presentación.

O prazo para a presentación das solicitudes de participación será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

VI. Admisión de aspirantes.

6.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declaren con carácter provisional os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, co motivo da exclusión, así como os aspirantes exentos e non exentos da realización do exercicio acreditativo do coñecemento de lingua galega.

6.2. Os/as aspirantes excluídos/as e os/as declarados/as non exentos/as da realización do exercicio de galego disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para poderen corrixir, se for o caso, o defecto que motivou a súa exclusión ou a non exención do exercicio de lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada.

6.3. Non se poderá emendar a presentación da solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto. A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a listaxe definitiva de exentos e non exentos do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.



Contra tal resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se recoñeza aos/ás interesados/as a posesión de todos os requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación no procedemento.

VII. Tribunais.

7.1. A composición dos tribunais de selección será paritaria para o conxunto da oferta de emprego do Servizo Galego de Saúde.

7.2. Os tribunais cualificadores do concurso-oposición, un por cada especialidade, serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, para este efecto publicarase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias do órgano convocante, correspóndelles aos tribunais as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación dos/as aspirantes, a emisión de cantos informes sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e a resolución de incidencias.

7.3. Os tribunais terán a súa sede, para os efectos de comunicacións, envío de documentación ou incidencias, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, situada en San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela.

7.4. Os tribunais estarán compostos por un número de membros non inferior a cinco. Deberá designarse o mesmo número de membros suplentes.

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, e non se poderá ter esta en representación ou por conta de ninguén.



O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.

Os membros dos tribunais terán a condición de persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo das administracións públicas ou dos servizos de saúde, ou de persoal laboral fixo dos centros vinculados ao Sistema nacional de saúde, en praza ou categoría para a que se exixa posuír titulación de nivel académico igual ou superior á exixida para o ingreso.

Cada tribunal poderá propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos dos/as asesores/as especialistas ou de apoio que estime oportunos. Os/as ditos/as asesores/as limitaranse a prestar a súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

7.5. Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorra neles/as algunha circunstancia das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010 ou realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas da correspondente categoría nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a presidente/a deberá solicitar dos/das membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos/as nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei de réxime xurídico do sector público nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén realizada polos/as asesores/as especialistas previstos e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal e demais persoal colaborador cando concorra neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei de réxime xurídico do sector público.

7.6. A autoridade convocante publicará, se é o caso, no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución pola que se nomeen os/as novos/as membros que teñan que substituír os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas.

7.7. Logo da convocatoria do/a presidente/a, constituirase o tribunal coa asistencia da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, coa presenza en todo caso do/a



presidente/a e do/a secretario/a. Na dita sesión o tribunal adoptará as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a asistencia da maioría dos seus membros, con presenza, en todo caso, do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a correspondente acta que será asinada polo/a secretario/a co visto e praxe do/a presidente/a.

Resultarán de aplicación á constitución e funcionamento dos órganos de selección as disposicións sobre órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7.8. Os acordos do tribunal que supoñan para o/a interesado/a a imposibilidade de continuar o procedemento poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7.9. O tribunal que actúe no proceso selectivo terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, actualizado pola Resolución do 20 de xuño de 2008 (DOG nº 138, do 17 de xullo), segundo o acorde o órgano competente na materia.

VIII. Procedemento de selección.

Procedemento de selección.

De acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, o sistema de selección será o de concurso-oposición.

8.1. Fase de oposición.

8.1.1. A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran no anexo III desta resolución e coa forma e sistema de cualificación nel descritos.

O exercicio sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos os dous inclusive) terá carácter obrigatorio e non eliminatorio para todos/as os/as aspirantes,



coa excepción daqueles/as que participen pola quenda de promoción interna que estarán exentos/as da súa realización.

O exercicio da parte específica do programa terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio que acredita o coñecemento da lingua galega terá carácter obrigatorio non eliminatorio para todos/as os/as aspirantes, coa excepción dos/das que acreditasen posuír o Celga 4, curso de perfeccionamento ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

As respostas incorrectas, nos exercicios de tipo test, penalizaranse coa puntuación negativa que resulte de aplicar un vinte e cinco por cento da puntuación asignada á resposta correcta.

No suposto en que deba anularse un número de preguntas dun exercicio superior ao de reserva, o valor de cada resposta correcta será o que resulte de dividir a puntuación máxima acadable no respectivo exercicio entre o número de preguntas válidas que finalmente resulten.

8.1.2. Os/as aspirantes que non superen ou non obteñan o cincuenta por cento da puntuación fixada como máxima no anexo correspondente a cada un dos exercicios de carácter eliminatorio resultarán eliminados/as.

8.1.3. O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios tipo test da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes. Cando finalicen os exercicios tipo test entregarase a cada aspirante a folia autocopiativa do seu exame. O modelo coas respostas correctas publicárase con posterioridade na páxina web www.sergas.es

Facilitarase aos/ás aspirantes o acceso ao cuestionario de preguntas logo da finalización dos exercicios.

8.1.4. Os exercicios da fase de oposición realizaranse no lugar e á hora que se fixe nunha resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde



que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* cun prazo mínimo de antelación de cinco días hábiles, ademais de poder ser anticipada para efectos informativos na web www.sergas.es

De conformidade co establecido no artigo 15 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, poderanse realizar exercicios conxuntos para varias categorías/especialidades, así como varios exercicios, na mesma data, para a mesma categoría en unidade de acto e de tempo, mesmo cambiando a orde de realización destes. Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria, quede prohibido o acceso ao recinto de realización das probas con tales dispositivos, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

8.1.5. En calquera momento os/as aspirantes poderán ser requiridos/as coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

8.1.6. Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio nun único chamamento. Serán excluídos/as do concurso-oposición os/as que non comparezan. En todo caso, para garantir a unidade de acto, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non comparecencia.

8.1.7. No marco das previsións do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Servizo Galego de Saúde permitirá ás mulleres embarazadas ou que teñan dado a luz, e por estes motivos estean ingresadas no mesmo día do exame, facer os distintos exercicios da fase de oposición, derivados deste proceso selectivo. Por iso, coa única limitación de respectar, en todo caso, a unidade de acto e de tempo de execución fixados nos chamamentos para a realización dos exames, como garantía de igualdade e de imparcialidade para todos/as os/as aspirantes, o Servizo Galego de Saúde desprazará a un centro hospitalario radicado na Comunidade Autónoma de Galicia unha delegación do tribunal que permita a execución material da proba a aquelas opositoras xestantes que tivesen posto en coñecemento do órgano convocante, cunha antelación mínima de 72 horas á data de realización do exame, a situación de embarazo e a súa vontade de realizar a proba no centro sanitario para o suposto de estar ingresadas na data da súa realización e se tivese recibido na Dirección Xeral de Recursos Humanos comunicación e xustificación do seu ingreso en centro hospitalario por tal motivo con anterioridade á realización dos exercicios.



Por razóns temporais e organizativas, unicamente serán atendidas as solicitudes de desprazamento a centro sanitario pola causa exposta que consten debidamente xustificadas na Dirección Xeral de Recursos Humanos cunha antelación mínima de cinco horas á publicada no *Diario Oficial de Galicia* como hora de inicio das probas.

Para os efectos do disposto nesta base, só se admitirá como medio válido de comunicación o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es

8.1.8. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún/algunha dos/as aspirantes non cumpre un ou varios dos requisitos exixidos pola presente convocatoria, logo de audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade convocante. Do mesmo xeito, o tribunal deberá dar conta das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes, para os efectos procedentes.

8.1.9. Establécese un prazo único de cinco días hábiles seguintes á publicación dos modelos provisionais de respostas para que os/as interesados/as poidan presentar reclamación contra os exercicios.

Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións presentadas, modifica a opción de resposta válida ou anula algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio anunciarao na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Neste caso serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual que o resto das preguntas do correspondente exercicio.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións provisionais e as respostas definitivas dos distintos exercicios, que se efectuará na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

8.1.10. Tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao de devandita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida. A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. Se no mesmo período o tribunal, de oficio, aprecia algún erro na confección aritmética da puntuación obtida na fase de oposición por algún/algunha aspirante poderá proceder á súa corrección.



8.1.11. Poderán superar a fase de oposición un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas na correspondente categoría/especialidade.

8.1.12. Finalizada na súa totalidade a fase de oposición, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o acordo de finalización desta fase do proceso.

8.2. Fase de concurso.

8.2.1. De acordo co establecido no artigo 23.2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, modificado polo Decreto 236/2008, do 16 de outubro, a valoración da fase de concurso non poderá exceder o corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.

8.2.2. O tribunal poderá requirir, de oficio, dos/as aspirantes ou de calquera Administración pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación da puntuación nesta fase de concurso.

8.2.3. Realizada polo tribunal a baremación correspondente, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

Contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

8.2.4. Á vista das reclamacións presentadas ou apreciado de oficio polo órgano de selección algún erro material na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes, o tribunal practica as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas da fase de concurso e a relación de aspirantes seleccionados/as, pola orde de puntuación alcanzada nas diferentes quendas de acceso, elevando esta relación á autoridade convocante para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

8.2.5. O sistema de desempate efectuarase a favor dos/das aspirantes que tivesen a maior puntuación na fase de oposición no seu conxunto e, de persistir o empate, pola maior puntuación nos exercicios da parte específica e común do programa, por esta orde. De persistir aínda o empate, dirimirase a favor do/da aspirante con maior puntuación na fase



de concurso e, de ser necesario, sucesivamente por cada epígrafe da fase de concurso e pola súa orde. Para rematar, decidirá a maior idade do/da aspirante.

8.2.6. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.

IX. Relación de aspirantes seleccionados/as e elección de destino.

9.1. Os/as aspirantes definitivamente seleccionados/as disporán do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución prevista no punto 8.2.4 para a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico oficial en que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais dependente do Ministerio de Xustiza de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

d) Declaración xurada ou promesa de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.

e) Os/as participantes que accedan pola quenda de persoas con discapacidade deberán achegar neste momento, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación



compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola correspondente quenda, de non ter carácter definitivo a resolución pola que se lle recoñeceu a discapacidade, e que foi achegada ao inicio do proceso selectivo.

9.2. Os/as que, dentro do prazo fixado, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

9.3. Comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En ningún caso se poderá declarar que superaron o concurso-oposición un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Tal declaración será nula de pleno dereito.

9.4. Nesta mesma resolución aprobarase a relación, por institución sanitaria, de prazas que se oferten aos/ás aspirantes seleccionados/as e o procedemento e o prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

9.5. De acordo co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, as prazas vacantes que se oferten corresponderán sempre a prazas básicas da correspondente categoría.

9.6. As prazas adxudicaranse entre os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada no concurso-oposición con preferencia a favor dos/das aspirantes que accederon pola quenda de promoción interna e segundo a prelación de destino/s que tivesen efectuado, que terá carácter vinculante e irrenunciable.

9.7. Só para os efectos de elección de destino, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, os/as aspirantes que superasen o concurso-oposición pola quenda reservada a persoas con discapacidade poderán solicitar á autoridade convocante, no prazo previsto na base 9.1, a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia persoal, dificultades de



desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a dita alteración cando se atope debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

9.8. O/a aspirante que, no prazo e conforme o procedemento que se estableza, non tivese seleccionado todos os destinos que se oferten pola orde de prelación que considere, e non resultase adxudicatario/a de ningún polos que tivese optado, non poderá ser nomeado/a, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. Neste suposto, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos/as aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción por elas, logo de acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos. Esta opción realizárase pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

X. Nomeamento e toma de posesión.

10.1. Unha vez adxudicados os destinos, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, con nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Non poderán ser nomeados persoal estatutario fixo as persoas aspirantes seleccionadas que no momento de expedir o correspondente nomeamento se encontren en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez ou teñan a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría noutro servizo de saúde.

10.2. Os/as nomeados/as disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. O cómputo deste prazo iniciárase o día seguinte ao da publicación a que se refire o punto anterior. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao cal pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. Non entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación ás prazas adxudicadas comportará o cesamento do persoal



temporal que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

10.3. De conformidade coa disposición adicional 2ª do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (DOG núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación, que se impartirán polo Servizo Galego de Saúde.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionado/as que a teñan realizado con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e teña sido debidamente convalidada.

XI. Norma derradeira.

11. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o concurso-oposición e os/as que participen nel.

11.2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión, poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral Recursos Humanos



ANEXO I
Prazas e titulación

Categoría	Subgrupo	Acceso libre	Promoción interna	Reserva discapacidade	Total	Titulación
Enfermaría de Saúde Mental	A2	12	15	3	30	Título universitario oficial de grao en Enfermaría, diplomatura universitaria en Enfermaría e o título de enfermeiro/a especialista en Enfermaría de Saúde Mental
Enfermaría do Traballo	A2	1	1		2	Título universitario oficial de grao en Enfermaría, diplomatura universitaria en Enfermaría e o título de enfermeiro/a especialista en Enfermaría do Traballo
Enfermaría Familiar e Comunitaria	A2	12	15	3	30	Título universitario oficial de grao en Enfermaría, diplomatura universitaria en Enfermaría e o título de enfermeiro/a especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria
Enfermaría Obstétrico-Xinecoloxía	A2	38	45	6	89	Título universitario oficial de grao en Enfermaría, diplomatura universitaria en Enfermaría e o título de enfermeiro/a especialista en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica
Enfermaría Pediátrica	A2	8	9	1	18	Título universitario oficial de grao en enfermaría, diplomatura universitaria en Enfermaría e o título de enfermeiro/a especialista en Enfermaría Pediátrica

ANEXO II
Programa das probas selectivas

Parte común:

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.



Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: O sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Os textos legais serán os vixentes á data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se procede ao nomeamento dos tribunais de cualificación.

Parte específica:

Enfermaría de Saúde Mental.

Tema 1. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e procedementos para a súa actualización. A asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.



Tema 2. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 3. A Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

Tema 4. Evolución histórica da asistencia psiquiátrica: transformación do hospital psiquiátrico. Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia. Procesos sobre a necesidade das persoas (Lei 1/2000, do 7 de xaneiro).

Tema 5. Plan estratéxico de saúde mental no Servizo Galego de Saúde. Plan estratéxico de saúde mental Galicia 2006-2011. Declaración de Helsinki. Libro verde saúde mental (2006). Pacto europeo saúde mental (2008). Plan de Galicia sobre drogas: organización e funcionamento da rede asistencial.

Tema 6. Principios fundamentais da bioética en saúde mental. Regulación xurídica. Código deontolóxico da enfermaría española. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Autorización e orde xudicial de ingreso psiquiátrico, seguimento e comunicación ao xulgado de fuga de paciente. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente.

Tema 7. Seguridade do paciente e xestión do risco sanitario na atención sanitaria. Análise de eventos adversos e sistemas de notificación.

Tema 8. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 9. Estatística descritiva. Tipos de distribución e parámetros que a definen. Estatística inferencial: intervalos de confianza. Os tests de hipótese. Validez e fiabilidade dos



instrumentos de medida. Sensibilidade, especificidade. Valor predictivo positivo e negativo. Curvas ROC.

Tema 10. Enfermaría baseada na evidencia. Procura de evidencias científicas: bases de datos bibliográficas, fontes documentais de evidencia e revisión bibliográfica. Instrumentos da evidencia científica. Formulación de preguntas e procura de respostas sobre a práctica clínica. Avaliación e síntese dos achados da revisión bibliográfica.

Tema 11. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmissibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema nacional de vixilancia epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 12. Nivel óptimo de saúde. Saúde mental: concepto e características. Prevención e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto. Factores de risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, adulto e ancián): identificación de factores de risco e cuidados enfermeiros.

Tema 13. Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo.

Tema 14. Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 15. A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocuidado e promoción da saúde do/da paciente, coidador/a principal e familia. Elaboración dun programa de saúde mental: etapas.

Tema 16. Técnicas e habilidades de comunicación. Relación interpersoal. Teoría das relacións interpersoais de Hildegard Peplau. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao/a paciente, coidador/a principal e familia. A comunicación a través das novas tecnoloxías. A comunicación na atención non presencial.



Tema 17. Sistemas de información utilizados no Servizo Galego de Saúde. Tecnoloxías da información e comunicación, aplicacións para web e móbil dispoñibles no Servizo Galego de Saúde: teleasistencia, consulta telefónica, conecta 72, portais corporativos.

Tema 18. Xestión e planificación dos servizos sanitarios: concepto. Organización dos cuidados de enfermaría en atención primaria e atención hospitalaria: centro de saúde, comunidade, hospital. Consulta de enfermaría. Coordinación entre niveis asistenciais. Carreira de servizos: concepto.

Tema 19. Historia clínica. Rexistros de enfermaría en saúde mental. Informe de enfermaría á alta. Diagnósticos de enfermaría da NANDA. Clasificacións internacionais de problemas de saúde mental. Características xerais. Clasificacións internacionais: *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders* (DSM-5) e o CIE-10.

Tema 20. Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización. O servizo de esterilización. Preparación e tipos de material para esterilizar, métodos de esterilización. Manipulación e conservación do material estéril. Infección nosocomial. Medidas preventivas. Illamento hospitalario: concepto, tipos e descrición. Xestión de residuos sanitarios.

Tema 21. Desenvolvemento da conduta humana: etapas do desenvolvemento. Tipos de personalidade. Hábitos. Motivación. Factores socioculturais: a súa incidencia na saúde. O hospital e os problemas psicosociais e de adaptación do/da paciente hospitalizado/a. Valoración de enfermaría do comportamento humano e a súa aplicación nos cuidados de enfermaría.

Tema 22. Principais modelos e teorías de enfermaría. Características xerais dos modelos: compoñentes e elementos. Teoría das necesidades humanas: concepto. Teoría de autocoidado: concepto. Proceso de atención de enfermaría (PAE): etapas do PAE. Plan de cuidados enfermeiros: concepto e estrutura. Diagnósticos de enfermaría: concepto e tipos de taxonomía.

Tema 23. Características e etapas do proceso enfermeiro. Valoración de enfermaría. Necesidades básicas de Virginia Henderson e Patróns funcionais de Marjory Gordon. Interpretación de resultados e identificación de problemas. Principais instrumentos de valoración nos cuidados de enfermaría: Cuestionarios, escalas e test. Diagnósticos enfermeiros e problemas de colaboración. Taxonomía NANDA, NOC e NIC. Avaliación do proceso enfermeiro.



Tema 24. Coidados de enfermaría en situacións de urxencia e emerxencia. Soporte vital básico, instrumentalizado e avanzado no neno e o adulto.

Tema 25. Coidados de enfermaría nos trastornos da conduta alimentaria: anorexia, bulimia e outros.

Tema 26. Interaccións alimenticias e fármacos. Efectos da nutrición sobre a absorción, acción, metabolismo e excreción dos fármacos. Efectos dos fármacos sobre a inxesta de alimentos, absorción de nutrientes, metabolismo e excreción. Fármacos con implicacións destacadas na nutrición e no trastorno metabólico.

Tema 27. Clasificación xeral dos psicofármacos. Absorción, eliminación, vías de administración, toxicidade e efectos colaterais. Fármaco-vixancia. Condicións de conservación dos medicamentos. Precaucións previas á administración dun fármaco. Valoración e coidados de enfermaría a pacientes a tratamento con psicofármacos. Adherencia ao tratamento. Valoración e coidados de enfermaría a pacientes a tratamento con psicofármacos.

Tema 28. Evolución histórica dos coidados de enfermaría en saúde mental e psiquiatría. Situación actual da enfermaría en saúde mental. Teorías e escolas en psiquiatría: biolóxicas, psicolóxicas e sociais.

Tema 29. Organización dos coidados enfermeiros en saúde mental no ámbito hospitalario e extrahospitalario. Consulta de enfermaría en saúde mental. Unidade de internamento psiquiátrico: concepto, organización e características estruturais específicas. Coidados hospitalarios, unidades de hospitalización de agudos, unidades de rehabilitación, hospitais de día, unidades de saúde mental comunitarias. Coordinación entre niveis asistenciais. Enfermaría de enlace.

Tema 30. Atención domiciliaria: concepto e etapas da visita domiciliaria. Coordinación con atención primaria, atención hospitalaria e servizos sociais. Programa de atención a pacientes con antipsicóticos de longa duración. Os programas ETAC (Equipos tratamento asertivo comunitario). Hospitalización domiciliaria (HADO).

Tema 31. Terapia electroconvulsiva: concepto, obxectivos e xustificación. Coidados de enfermaría: pre, durante e post TEC.



Tema 32. Valoración e cuidados de enfermaría nas urxencias psiquiátricas en: paciente suicida, paciente axitado, paciente agresivo, paciente con intoxicación aguda por consumo de drogas e paciente con crise de ansiedade e angustia.

Tema 33. Programas de atención á conduta suicida.

Tema 34. Trastornos esquizofrénicos: concepto e xeneralidades. Formas clínicas. Diagnósticos de enfermaría. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con alucinacións e delirios. Apoio ao/á cuidador/a principal e familia.

Tema 35. Valoración e cuidados de enfermaría nos/nas pacientes con trastorno mental orgánico: delirio, demencia e síndrome amnésico.

Tema 36. Trastornos do humor (afectivos). Concepto. Epidemioloxía. Principais formas de presentacións clínicas. Planificación de cuidados de enfermaría en pacientes depresivos. Planificación de cuidados de enfermaría en pacientes maníacos. Programa para pacientes a tratamento con litio.

Tema 37. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con trastornos de ansiedade: fóbico, pánico, obsesivo-compulsivo e reactivo ao stress. Técnicas de relaxación (Jacobson-Schultz).

Tema 38. Valoración e cuidados de enfermaría nos/nas pacientes con trastornos da personalidade e do comportamento do adulto.

Tema 39. O soño: concepto, fases e funcións. Trastornos do soño: disomnias e parasomnias. Cuidados de enfermaría.

Tema 40. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con trastornos derivados do consumo de alcol. Síndrome de abstinencia.

Tema 41. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con trastornos derivados do consumo de substancias tóxicas non alcólicas: cannabis, opiáceos, alucinóxenos, tranquilizantes e estimulantes, tabaco. Valoración e cuidados de enfermaría en adicións.

Tema 42. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con trastornos dos hábitos e control de impulsos: ludopatía, piromanía, cleptomanía, videoxogos e outros.



Tema 43. Valoración e cuidados de enfermaría en pacientes con trastornos psiquiátricos asociados a infección por VIH e SIDA. Control e medidas preventivas. Valoración da situación familiar e social.

Tema 44. Valoración e cuidados de enfermaría na etapa da infancia e adolescencia en pacientes con: enurese, encoprese, tics, déficit de atención, trastornos emocionais, trastornos do espectro autista, atraso mental, trastorno desintegrativo infantil ou trastorno xeneralizado do desenvolvemento.

Tema 45. Valoración e cuidados de enfermaría na persoa anciá. Principais cambios no proceso de envellecemento: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais. Orientación para o autocoidado. Concepto de asistencia psicoxeriátrica.

Tema 46. Valoración e cuidados de enfermaría ao/á paciente terminal. Reaccións psicolóxicas do/da enfermo/a terminal e familia. Apoio ao/á cuidador/a principal e familia. Valoración e acompañamento no duelo.

Tema 47. Modos de expresión sexual. Concepto de disfunción sexual. Abordaxe terapéutica e proceso de enfermaría na sexualidade durante o ciclo vital; infancia, adolescencia, vida adulta e vellez.

Tema 48. Enfermaría transcultural en saúde mental, o fenómeno migratorio e a interculturalidade.

Tema 49. Psicoterapia: definición. Concepto de psicoterapia psicoanalista, humanística e asistencial. Tipos de terapias grupais. Papel da enfermaría na psicoterapia.

Tema 50. Rehabilitación en saúde mental: concepto, evolución e obxectivos. Procesos de atención de enfermaría. Principios da psiquiatría comunitaria. Modelo asertivo-comunitario e modelo Case-Mangen.

Os textos legais serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se nomean os tribunais de cualificación.

Enfermaría do Traballo.

Tema 1. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e procedementos para a súa actualiza-



ción. A asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 2. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 3. A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

Tema 4. A historia clínico-laboral. Concepto e elementos diferenciadores coa historia clínica tradicional. Contido, custodia e conservación da documentación. Confidencialidade dos datos de saúde e dos exames de saúde. O tratamento da información.

Tema 5. Principios xerais da autonomía do paciente e dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. O dereito de información sanitaria. Dereito á intimidade. O respecto da autonomía do paciente. Principios fundamentais da bioética. Regulación xurídica. Código deontolóxico da enfermaría española. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. As instrucións previas.

Tema 6. Características e etapas do proceso enfermeiro. Valoración de enfermaría. Necesidades básicas de Virginia Henderson e Patróns funcionais de Marjory Gordon. Interpretación de resultados e identificación de problemas. Principais instrumentos de valoración nos cuidados de enfermaría: cuestionarios, escalas e test. Diagnósticos enfermeiros e problemas de colaboración. Taxonomía NANDA, NOC e NIC. Avaliación do proceso enfermeiro.

Tema 7. Enfermaría baseada na evidencia. Procura de evidencias científicas: bases de datos bibliográficas, fontes documentais de evidencia e revisión bibliográfica. Instrumentos da evidencia científica. Formulación de preguntas e procura de respostas sobre a práctica clínica. Avaliación e síntese dos achados da revisión bibliográfica. Guías de práctica clínica.



Tema 8. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos, estudos de procesos e resultado.

Tema 9. Estatística. Conceptos fundamentais. Concepto de poboación e mostra. Tipos e métodos de mostraxe. Aplicación á prevención de riscos laborais.

Tema 10. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Deseño de estudos epidemiolóxicos. Medidas de frecuencia, de asociación e de impacto. Epidemioloxía observacional descritiva: estudos de prevalencia. Epidemioloxía observacional analítica. Estudos de cohortes e casos-control. Epidemioloxía experimental.

Tema 11. Coidados de enfermaría en situacións de urxencia e emerxencia. Soporte vital básico e avanzado. Mobilización de accidentados.

Tema 12. A xestión de residuos nas institucións sanitarias. Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia. Clases de residuos. Xestión intracentro e extra-centro. Recollida, transporte e almacenamento de residuos sanitarios.

Tema 13. A educación para a saúde e seguridade en saúde laboral individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do/da traballador/a. Elaboración de programas de educación para a saúde e a súa avaliación. Promoción da saúde no lugar de traballo.

Tema 14. Prevención de riscos laborais: obxecto, concepto e necesidade. Interacción traballo e saúde. Custos dos danos derivados do traballo fronte aos beneficios da acción preventiva. O concepto de integración da prevención. Prevención e calidade. Formación e información dos/as traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 15. O marco xurídico xeral da prevención de riscos laborais. Lei de prevención de riscos laborais. Estrutura e análise do seu contido. O Regulamento dos servizos de prevención. Organización dos recursos para as actividades preventivas. Servizos de prevención: conceptos xerais e modalidades. As especialidades preventivas: Seguridade no traballo, Hixiene industrial, Ergonomía e psicocioloxía aplicada, Enfermaría do Traballo e Medicina do traballo.



Tema 16. Requisitos básicos para a autorización das instalacións e funcionamento das unidades básicas sanitarias dos servizos de prevención. Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención e a súa modificación por Real decreto 901/2015, do 9 de outubro.

Tema 17. Estrutura e organización do Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Servizo Galego de Saúde. Resolución conxunta do 29 de maio de 1998, da División de Asistencia Sanitaria e da División de Recursos Humanos, pola que se ordena a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais UGT, CESM, CC.OO., CSI-CSIF, CIG e SATSE, sobre os sistemas de prevención de riscos e de consulta e participación dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Tema 18. Conceptos básicos relativos á seguridade e saúde no traballo: danos derivados do traballo. Concepto de risco laboral. Protección e prevención. Prevención primaria, secundaria e terciaria. Condicións de traballo en relación coa saúde. Factores de risco. Técnicas de seguridade. Controis activos e reactivos.

Tema 19. Sistemas normalizados de xestión da prevención. O sistema de xestión de prevención de riscos laborais do Servizo Galego de Saúde: control da documentación e os rexistros (P-PRL 01), avaliación interna do sistema de xestión da prevención de riscos laborais (P-PRL 08), xestión de non conformidades, accións correctivas e preventivas (P-PRL 16); revisión periódica pola dirección do sistema de xestión da prevención de riscos laborais (P-PRL 17), establecemento e seguimento de obxectivos do sistema de xestión en prevención (P-PRL 21).

Tema 20. Axentes relacionados coa prevención de riscos laborais. Definición, funcións e competencias. Axentes nacionais (INSSBT, Inspección de Traballo, Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no traballo). Fundación para a Prevención de Riscos Laborais. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Axentes Internacionais (Axencia europea para a seguridade e saúde no traballo, OIT).

Tema 21. Metodoloxía para a avaliación de riscos laborais. Metodoloxía aplicable nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Procedemento para avaliar os riscos laborais e planificar a actividade preventiva (P-PRL 02).

Tema 22. Responsabilidades e sancións en materia de prevención de riscos laborais: responsabilidades administrativas, infraccións administrativas, control da actividade pre-



ventiva. A actuación da Inspección de traballo e Seguridade Social. A responsabilidade civil e penal en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 23. A vixilancia da saúde laboral: obxectivos, a aptitude laboral, valoración da enfermidade do traballo. Vixilancia da saúde laboral: individual e colectiva. Protocolos de vixilancia sanitaria específica. Resultados da valoración e actuación posterior. Voluntariedade e obrigatoriedade dos exames de saúde: normativa e principais liñas de xurisprudencia. Procedemento de vixilancia da saúde no Servizo Galego de Saúde (P-PRL 09).

Tema 24. Probas funcionais nos exames de saúde: audiometría: obxectivo. Práctica da audiometría. Valoración e clasificación das audiometrías. Espirometría: obxectivo. Práctica da espirometría. Valoración e clasificación das espirometrías. Electrocardiograma: obxectivo. Práctica do ECG. Xeneralidades de interpretación. Control visión: agudeza visual mono e binocular, campimetría, visión estereoscópica, forias, sentido cromático.

Tema 25. Rehabilitación e readaptación laboral e social: modelos e etapas de rehabilitación. Repercusións sociolaborais, psicolóxicas e económicas.

Tema 26. Protección do persoal especialmente sensible a riscos no sector sanitario e a maternidade. Orde do 16 de setembro de 2008 pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Situacións de risco durante o embarazo e a lactancia natural. Medidas preventivas.

Tema 27. Incapacidade laboral e invalidez: Conceptos legais, tipos e graos. Secuelas dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Valoración da capacidade laboral do/da traballador/a. Alta e baixa, parte de accidente e enfermidade, documentación oficial. Cuantificación das deficiencias e discapacidades. Prestacións. Tipos de continxencia e cobertura.

Tema 28. Enfermidades profesionais: concepto. Clasificación. Enfermidades producidas por axentes físicos, químicos e biolóxicos no ámbito sanitario. A investigación da enfermidade profesional como práctica preventiva. Declaración de enfermidades profesionais. Bases de datos e seguimento CEPROSS e PANOTRATSS. Procedemento de declaración. Aspectos legais. Recoñecemento legal das enfermidades profesionais e as súas implicacións. Metodoloxía de actuación.



Tema 29. Accidentes de traballo: concepto e definición legal. Notificación e declaración. O procedemento de notificación interna, investigación e rexistro dos incidentes e danos derivados do traballo no Servizo Galego de Saúde (P-PRL 07).

Tema 30. Sinalización de seguridade: Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

Tema 31. Equipamentos de protección individual e colectiva nas institucións sanitarias. Equipamentos de protección individual: concepto, características, tipos, sinalización, selección, utilización e conservación. Funcións e limitacións. Protección colectiva: concepto, criterios de selección e análise para a súa implantación. Obrigas do/da empresario/a e os/as traballadores/as.

Tema 32. Plans de emerxencia e autoprotección nas institucións sanitarias. Concepto, obxectivos e contido. Simulacros de emerxencia.

Tema 33. Axentes biolóxicos no sector sanitario. Concepto e clasificación. Principais efectos para a saúde. Axentes biolóxicos como factores de risco profesional dos/das traballadores/as sanitarios/as. Estratexias para a vixilancia e a prevención. Precaucións estándar. Precaucións baseadas no mecanismo de transmisión. Actuación ante exposicións accidentais de biolóxico. Protocolos de actuación.

Tema 34. Inmunizacións nos traballadores do ámbito sanitario. Estratexias de vacinación. Indicacións e contraindicacións. Pautas correctoras. Reaccións adversas. Cadea de frío, indicacións de cobertura. Vacinacións laborais no medio sanitario.

Tema 35. Dispositivos de bioseguridade. A prevención no uso de instrumentos cortantes e punzantes nas institucións sanitarias. Orde ESS/1451/2013, do 29 de xullo, pola que se establecen as disposicións para a prevención de lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector sanitario e hospitalario.

Tema 36. Hixiene industrial: concepto e obxectivos. Toxicoloxía laboral. Concepto de tóxico. Definición e clasificación dos contaminantes. Vías de exposición. Principais contaminantes químicos no medio sanitario.

Tema 37. Axentes químicos e canceríxenos. Concepto. Límites de exposición profesional en España. Valores límites ambientais e valores límites biolóxicos. Axentes químicos e



canceríxenos no sector sanitario. Vixilancia sanitaria específica. Atención de enfermaría na prevención e vixilancia da saúde dos/das traballadores/as expostos/as.

Tema 38. Exposición a radiacións ionizantes. Concepto e clasificación das radiacións ionizantes. Riscos para a saúde. Exposición a radiacións ionizantes nas institucións sanitarias. Actuación da enfermaría na prevención e vixilancia da saúde dos/das traballadores/as expostos/as.

Tema 39. Principais dermatoses profesionais no medio sanitario. Actuación da enfermaría na prevención e valoración dos/das tralladores/as expostos/as.

Tema 40. Ergonomía. Concepto e obxectivos. Procedementos metodolóxicos para a avaliación de riscos en ergonomía. Carga física de traballo.

Tema 41. Trastornos musculoesqueléticos no sector sanitario. Antropometría e deseño do posto de traballo. Posturas forzadas de traballo no sector sanitario. Factores que as determinan e técnicas preventivas do risco asociado.

Tema 42. Manipulación de cargas. Mobilización de pacientes. Actuación da enfermaría na prevención e vixilancia da saúde dos/das traballadores/as expostos/as.

Tema 43. Traballos repetitivos. Identificación dos factores de risco asociados e técnicas preventivas xerais e específicas. Actuación da enfermaría na prevención e vixilancia da saúde dos/das traballadores/as expostos/as.

Tema 44. Pantallas de visualización de datos. Actuación da enfermaría na prevención e vixilancia da saúde dos/das traballadores/as expostos/as.

Tema 45. Violencia no traballo de orixe externa no ámbito sanitario. Decreto 163/2010, do 16 de setembro, polo que se crea o Observatorio de violencia no contorno laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Procedemento de actuación e apoio ao/á profesional en equipos de violencia de orixe externa (P-PRL 20).

Tema 46. Carga mental. Factores e efectos. Avaliación. Fatiga mental: prevención.

Tema 47. Factores de risco psicosociais en centros sanitarios. Conceptos xerais: características, proceso de avaliación dos factores psicosociais e boas prácticas. Consecuencias e efectos a nivel individual e da organización sanitaria.



Tema 48. A organización do tempo de traballo. Obxectivos. Ritmos biolóxicos. Diferentes horarios laborais e a súa organización. Traballo a quendas e nocturno. Efectos. Medidas preventivas.

Tema 49. A comunicación interpersonal. Proceso. Barreiras na comunicación. A comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva. A empatía. A escoita activa.

Tema 50. Estrés laboral. Factores desencadenantes do estrés no traballo. Respostas do organismo, fases do estrés. Efectos fisiolóxicos e problemas de saúde relacionados co estrés. Educación sanitaria para a prevención dos problemas de ansiedade e estrés.

Tema 51. Síndrome do/da traballador/a queimado/a («*burn out*»). Consecuencias, avaliación e prevención.

Tema 52. O acoso no traballo ou *mobbing*: definición, conceptos xerais. Consecuencias sobre a persoa. Procedemento de actuación ante situacións de acoso e outras discriminacións no traballo (P-PRL 19).

Tema 53. Adicións no ámbito laboral: tabaquismo, alcolismo, outras toxicomanías. Participación da enfermaría nos programas de prevención.

Os textos legais serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se nomean os tribunais de cualificación.

Enfermaría Familiar e Comunitaria.

Tema 1. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e procedementos para a súa actualización. Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na comunidade autónoma de Galicia.

Tema 2. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 3. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da ca-



lidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación en atención primaria.

Tema 4. A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

Tema 5. Principios fundamentais da bioética: regulación xurídica. Código deontolóxico da enfermaría española. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, a intimidade e o respecto da autonomía do paciente.

Tema 6. Seguridade do paciente en atención primaria. Estratexia de seguridade do paciente do Sistema nacional de saúde. «Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente» (SiNASP). Eventos adversos en atención primaria. Prácticas seguras recomendadas para atención primaria. Infección nosocomial. Medidas preventivas.

Tema 7. Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Desinfectantes e antisépticos. Esterilización: procedementos. Preparación e tipos de material para esterilizar, métodos de esterilización. Manipulación e conservación do material estéril. Xestión de residuos sanitarios.

Tema 8. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas.

Tema 9. Enfermaría baseada na evidencia. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 10. Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo. Datos demográficos da poboación galega.

Tema 11. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmisibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema nacional de vixilancia epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.



Tema 12. Marco conceptual e modelos de enfermaría: xeneralidades. Modelo de coidados de V.Henderson: definicións e valoración das necesidades. Patróns funcionais de M.Gordon: concepto e valoración. Proceso de atención de enfermaría (PAE): etapas do PAE.

Tema 13. Plan de coidados enfermeiros: concepto e estrutura. Diagnósticos de enfermaría, criterios de resultado e intervencións: concepto e tipos de taxonomía (NANDA,NIC,NOC). Problemas de colaboración ou interdependentes.

Tema 14. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo. Determinantes da saúde, influencia na saúde individual e colectiva, actuacións de enfermaría. Promoción da saúde: concepto. Prevención da enfermidade. Niveis de prevención. Detección precoz de problemas de saúde: concepto cribaxes poboacionais na comunidade galega.

Tema 15. Tecnoloxías da información e a comunicación. Sistemas de información utilizados no Sergas: historia clínica electrónica, correo electrónico, intranet, aplicativos informáticos, portais institucionais, aplicacións para web e móbil.

Tema 16. Xestión e planificación dos servizos sanitarios: concepto. Organización dos coidados de enfermaría en atención primaria e atención hospitalaria: centro de saúde, comunidade, hospital, escola. Consulta de enfermaría. Coordinación entre niveis asistenciais: informe de continuidade de coidados, Conecta 72. Carteira de servizos: concepto. Urxencias e emerxencias: concepto. Organización da atención urxente. Recursos dispoñibles en Galicia.

Tema 17. O/a enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria. Definición e perfil profesional da enfermaría especialista en familiar e comunitaria. Competencias profesionais. Desde os/as enfermeiros/as visitantes/as á actual enfermaría familiar e comunitaria

Tema 18. Evolución histórica da atención primaria. OMS e definición de atención primaria. Xestión e planificación dos servizos sanitarios: concepto. O equipo de saúde de atención primaria: composición, funcións, organización do traballo en equipo. Carteira de servizos: concepto. A enfermaría nos equipos de atención primaria. Marco legal. Organización dos coidados de enfermaría en atención primaria: centro de saúde, comunidade,



atención domiciliaria. Consulta de enfermaría. PAC. Continuidade da atención en Atención Primaria e coordinación entre niveis asistenciais: informes de continuidade de coidados, Conecta 72.

Tema 19. Organización da atención en atención primaria. A saúde comunitaria, da enfermidade ao benestar. Enfoque baseado na saúde comunitaria, saúde pública e atención primaria. Atención primaria centrada na comunidade: o modelo APOC. A orientación salutoxénica da atención primaria. Diagnóstico de saúde. Activos da comunidade para a saúde. Procesos comunitarios. Coñecemento da contorna, mapeo. Identificación e relación cos recursos da rede social e/ou comunitaria. Proceso de intervención e participación comunitaria. PACAP. Participación enfermeira en actividades comunitarias. Planificación sanitaria, programas de saúde, PA.

Tema 20. Atención ás familias: a familia, estrutura, dinámica, tipos e ciclo vital familiar. Concepto e estratexia da intervención familiar. Programas de promoción da saúde e prevención de problemas familiares. A familia como xestora de saúde. Instrumentos de valoración familiar: xenograma, cuestionarios específicos (APGAR familiar, apoio social, acontecementos vitais estresantes).

Tema 21. Instrumentos de abordaxe familiar. Orientación familiar. Intervencións coas familias ante situacións de crise: dó, membros con condutas adictivas, enfermidade mental, ao final da vida, chegada de novos membros, relacións de parella. A vivenda como espazo de convivencia e condicionante da saúde. Detección da violencia intrafamiliar e intervención. Parentalidade positiva.

Tema 22. Atención domiciliaria: concepto e etapas da visita domiciliaria. Coordinación entre atención primaria, atención hospitalaria e servizos sociais. Programas específicos de atención domiciliaria: programas de atención a pacientes inmovilizados e terminais. O/a coidador/a na atención domiciliaria. Definición, tipos e consecuencias na súa vida. Intervencións e coidados de enfermaría dirixidos aos/ás coidadores/as. Recursos para coidadores/as familiares.

Tema 23. Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Entrevista motivacional: concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao/á paciente, coidador/a principal e familia.



Tema 24. A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do/da paciente, coidador/a principal e familia.

Tema 25. Programas de saúde: definición. Factores de risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, muller, adulto e ancián): identificación de factores de risco e cuidados de enfermaría.

Tema 26. Inmunizacións: concepto. Clasificación e tipos de vacinas. Contraindicacións. Complicacións. Conservación, administración e pautas de vacinación. Calendario vacinal en Galicia

Tema 27. Valoración e cuidados de enfermaría do neno san de 0 a 14 anos: «Programa do neno san». Probas metabólicas. Etapas do desenvolvemento infantil. Parámetros de desenvolvemento e crecemento. Resposta evolutiva. Medidas para o fomento da saúde nas diferentes etapas: hixiene, alimentación, nutrición, dentición. Hixiene e saúde buco-dental: prevención da carie. Prevención de accidentes infantís. Detección de malos tratos.

Tema 28. Atención á adolescencia. Promoción da saúde dos/das adolescentes desde os aspectos biolóxico, psicolóxico e social, tanto individual como grupalmente e na comunidade. Detección de posibles dificultades do desenvolvemento sexual, trastornos da conduta alimentaria e imaxe corporal, condutas antisociais, violencia e maltrato, drogodependencias e adiccións, identidade de xénero. Afrontamento familiar eficaz fronte a situacións de risco (embarazo, drogadicción, violencia).

Tema 29. Atención de enfermaría á muller. Promoción da saúde nas diferentes etapas do ciclo vital. Saúde sexual, reprodutiva e de xénero: educación sexual. Reprodución. Métodos anticonceptivos. Climaterio. Prevención de enfermidades de transmisión sexual. Interrupción voluntaria do embarazo. Valoración e cuidados de enfermaría na muller xestante: cambios fisiolóxicos. Educación maternal. Problemas máis frecuentes durante a xestación. Valoración e cuidados de enfermaría na puérpera: cambios fisiolóxicos e psicolóxicos. Lactación natural.

Tema 30. Atención da saúde da idade adulta. Identificación da existencia de factores de risco para a saúde, estilos de vida saudables e problemas específicos prevalentes na comunidade. Programas de promoción da saúde e prevención da enfermidade do adulto. Programas relacionados coa cronicidade.



Tema 31. Valoración e cuidados de enfermaría no ancián. Principais cambios no proceso de envellecemento: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais. Prevención de accidentes. Deterioración cognitiva. Hábitos dietéticos. Orientación para o autocoidado. Principais problemas. Valoración da situación familiar e social.

Tema 32. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas cardiovasculares crónicos: insuficiencia cardíaca, hipertensión arterial. Outros problemas cardiovasculares. Procedementos e técnicas de enfermaría. MAPA e AMPA.

Tema 33. Valoración e cuidados de enfermaría ás persoas con problemas endocrinolóxicos crónicos: diabetes. Outros problemas. Autocontrol. Alimentación en paciente diabético. Tratamento hipoglucemiante e insulinas. Procedementos e técnicas de enfermaría. Exploración e cuidados do pé diabético. Retinografías.

Tema 34. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas respiratorios crónicos: enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC). Outros problemas broncopulmonares. Procedementos de enfermaría: espirometría, oxigenoterapia e outras técnicas. Manexo de inhaladores.

Tema 35. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas neurolóxicos crónicos: accidente cerebrovascular, epilepsia, deterioración cognitiva e demencia. Valoración da situación familiar e social. O apoio ao/á cuidador/a principal e á familia.

Tema 36. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas no sistema renal: principais problemas renais e urolóxicos. Procedementos e técnicas de enfermaría. O cateterismo vesical: concepto, indicacións e contraindicacións. Manexo da sondaxe vesical no ámbito familiar e comunitario.

Tema 37. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas no sistema músculo-esquelético. Principais problemas do aparello locomotor. Procedementos de enfermaría: vendaxes, inmovilizacións e outras técnicas.

Tema 38. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas gastrointestinais. Principais problemas dixestivos. Procedementos e técnicas de enfermaría no manexo das ostomías.

Tema 39. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas oncolóxicos: procedementos e técnicas de enfermaría. Medicamentos antineoplásicos: clasificación e



efectos secundarios. Medicamentos coadxuvantes. Manipulación de medicamentos citostáticos na atención primaria, reservorios e infusores. Apoio emocional aos pacientes e familiares.

Tema 40. Valoración e cuidados de enfermaría nos pacientes con procesos infectocontaxiosos: hepatite, tuberculose, SIDA e meninxite, enfermidades de transmisión sexual (ETS). Outros procesos infecciosos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medidas de prevención e control.

Tema 41. Valoración e cuidados de enfermaría do/da neno/a enfermo/a. Insuficiencia respiratoria aguda. Problemas gastrointestinais agudos. Deshidratación. Crises convulsivas. Outros problemas máis frecuentes. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 42. Valoración e cuidados de enfermaría do/da paciente cirúrxico/a en atención primaria: preoperatorio, poscirurxía. Cirurxía menor en atención primaria. Procedementos de enfermaría: drenaxes, curas e outras técnicas.

Tema 43. Valoración e cuidados de enfermaría nas feridas crónicas e agudas (úlceras por presión, lesións cutáneas asociadas á humidade, úlceras da extremidade inferior, úlceras do pé diabético, lesións cutáneas neoplásicas, feridas traumáticas, lesións por queimadura, cirúrxicas): concepto, factores de risco, localización. Procesos de formación, clasificación. Escalas de valoración de risco, rexistros. Medidas de prevención e tratamento.

Tema 44. Valoración e cuidados de enfermaría de problemas de saúde agudos: extracción de corpos extraños, limpeza de oídos, epistaxe.

Tema 45. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con atención paliativa. Pacientes susceptibles de recibir cuidados paliativos. Niveis de complexidade deste tipo de cuidados. Plan de cuidados domiciliarios a pacientes paliativos. Principais problemas. Dor: características e escalas de medida.

Tema 46. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con discapacidade e necesidades especiais. Atención á familia e na comunidade.

Tema 47. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con diversidade cultural, transculturalidade. O fenómeno migratorio. Atención á familia e na comunidade.

Tema 48. Atención ante urxencias, emerxencias e catástrofes. Urxencias e emerxencias: concepto. Recursos dispoñibles ante situacións de emerxencia en Galicia, a súa organiza-



ción, responsabilidades e colaboracións. Protocolos de actuación urxente nas consultas de atención primaria e PAC.

Tema 49. Valoración e cuidados de enfermaría ante situacións críticas: politraumatizados, queimados, shock, intoxicacións. Parada cardiorrespiratoria: definicións e medidas de actuación. Reanimación cardiopulmonar básica e avanzada.

Tema 50. Alimentación e nutrición: concepto e diferenciación. Clasificación dos alimentos. Elaboración de dietas. Dietas terapéuticas. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas de desnutrición, deshidratación, anorexia, bulimia, obesidade e sobrepeso. Nutrición enteral e parenteral: técnicas de administración e protocolos de actuación. Sondaxe nasogástrica, PEG manexo e cuidados.

Tema 51. Clasificación xeral dos medicamentos. Uso no ámbito domiciliario e de atención primaria. Absorción e eliminación dos fármacos. Toxicidade e efectos colaterais. Farmacovixilancia. Condicións de conservación dos medicamentos. Administración de medicamentos. Precaucións previas á administración dun fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas máis frecuentes. Cálculo de doses. Programa paciente polimedicado.

Os textos legais serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se nomean os tribunais de cualificación.

Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica.

Tema 1. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e procedementos para a súa actualización.

Tema 2. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 3. Plan de prioridades sanitarias e Estratexia do Servizo Galego de Saúde. Lei de saúde de Galicia.

Tema 4. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satis-



facción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade. Xestión e control da calidade total. Seguridade do paciente no Servizo Galego de Saúde. Equidade, eficiencia, eficacia e efectividade. Custos sanitarios: concepto, tipos e cálculo.

Tema 5. A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

Tema 6. Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. Código deontolóxico da enfermaría española. O código ético da Confederación Internacional de Matronas. Comisión Galega de Bioética. Comités de Ética Asistencial e Comités de Ética da Investigación do Sistema público de saúde de Galicia.

Tema 7. Lei 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Tema 8. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 9. Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Prevención e promoción da saúde. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 10. Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo. Indicadores demográficos sanitarios: saúde materno-infantil, morbilidade e mortalidade materna e mortalidade perinatal e infantil.



Tema 11. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Concepto de infeccións transmisibles. Vixilancia epidemiolóxica das infeccións transmisibles e o seu control. Enfermidades transmisibles máis importantes. Infeccións transmisibles sexualmente (ITS): tipos, características e prevención. Prevención da transmisión vertical de enfermidades infecciosas durante a xestación. Sistema Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 12. Técnicas e habilidades de comunicación interpersonal e interprofesional. Escoita activa e relación de axuda. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional á muller e familia durante os procesos de embarazo, parto e puerperio. Sistemas de comunicación e información na educación para a saúde da muller e saúde perinatal. Dinámica de grupos nos grupos de educación para saúde sexual e reprodutiva da muller.

Tema 13. Xestión e planificación de servizos sanitarios: concepto. Produto sanitario: concepto. Elaboración de programas de saúde e a súa avaliación. Plans de atención integral. Xestión por procesos asistenciais.

Tema 14. Programas e planificación dos coidados obstétricos-xinecolóxicos. Continuidade asistencial entre atención primaria e atención hospitalaria. Modelos de coidados obstétrico-xinecolóxicos. Carteira de servizos común e complementaria.

Tema 15. Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde (IANUS).

Tema 16. Principais sistemas de información dos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde. Clasificacións internacionais de problemas de saúde. Conxunto mínimo básico de datos (CMBD). A intimidade e a confidencialidade no ámbito sanitario. Sistemas de clasificación de coidados de enfermaría.

Tema 17. Atención primaria e atención hospitalaria. Estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. Organización, estrutura e coordinación dos servizos xinecolóxicos.

Tema 18. Práctica clínica baseada na evidencia. Bases de datos bibliográficos, revisión crítica da evidencia. Incorporación da evidencia á práctica clínica.



Tema 19. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferencial. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Gallego de Saúde.

Tema 20. Modelo de cuidados obstétrico-xinecolóxicos: criterios de elección. Sistemas de planificación de cuidados obstétrico-xinecolóxicos: estandarización, individualización. Datos da historia obstétrico-xinecolóxica e o seu rexistro. Programas e protocolos de cuidados xinecolóxicos: definición, estrutura, elaboración, implantación e revisión. Coordinación de cuidados obstétrico-xinecolóxicos entre ambos niveis asistenciais.

Tema 21. Educación para a saúde da muller. Concepto, obxectivos, planificación, metodoloxía, avaliación. Deseño, implantación, seguimento e avaliación de programas de educación para a saúde da muller. Implicación da muller na educación para a saúde. Características da muller adolescente e adulta. Sistemas de comunicación e información na educación para a saúde da muller.

Tema 22. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor masculino e feminino. Ciclo ovárico e endometrial. Conceptos xerais sobre reprodución humana. Ovoxéneses, espermatoxéneses. Herdanza xenética, xenes e cromosomas. Desenvolvemento embrionario. Embrioloxía e anatomía funcional do aparello xenital feminino e as súas relacións topográficas. Pelve ósea. Esterilidade e infertilidade. Fecundación natural e artificial. Técnicas de reprodución asistida.

Tema 23. Malformacións xenéticas: tipos, clasificación, causas, prevención e diagnóstico.

Tema 24. Consulta preconcepcional. Valoración do risco obstétrico preconcepcional. Actuacións preventivas e promotoras da saúde. Actuacións no caso de enfermidades previas. Educación sanitaria durante a consulta preconcepcional.

Tema 25. Anatomía e fisioloxía do embarazo. Valoración de enfermaría obstétrico-xinecolóxica no diagnóstico de embarazo. Consulta prenatal: obxectivos, número mínimo de consultas, valoración dos riscos, probas diagnósticas, recomendacións, información á muller. Actividades que realiza a matrona durante as consultas prenatais. Control e seguimento de embarazo de baixo risco. Autocuidados derivados do embarazo. Versión cefálica externa. Xestación cronoloxicamente prolongada. Rexistro de datos: historia clínica electrónica, libro de saúde da embarazada, plan de parto/nacemento. Educación sanitaria individual e de grupo durante o embarazo. Cribaxe de cromosopatías durante a xestación.



Tema 26. Alimentación saudable e exercicio durante o embarazo, lactación e puerperio. Medicamentos durante o embarazo e lactación materna. Condutas adictivas no embarazo e puerperio: repercusións na saúde materna e infantil. Intervencións e educación sanitaria.

Tema 27. Prevención de infeccións no embarazo. Inmunización activa ou pasiva. Infeccións durante o embarazo. Vacinas durante a xestación. Educación sanitaria.

Tema 28. Educación sanitaria individual e de grupo durante o embarazo e no puerperio (pre e posnatal): definición, programas, metodoloxía, contidos e avaliación. Adestramento psicofísico, psicoprofilaxe obstétrica, técnicas de relaxación e respiración, posturas facilitadoras durante o parto. Guía técnica do proceso de educación maternal pre e posnatal do Servizo Galego de Saúde. Planificación e posta en marcha dun programa de educación sanitaria de grupo e a súa avaliación.

Tema 29. Atención e coidados complementarios á muller con embarazo de alto risco. Valoración do risco xinecolóxico-obstétrico, psicolóxico e social, planificación de coidados xinecolóxicos e actuación.

Tema 30. Atención e coidados complementarios ás mulleres embarazadas con alteracións cardiovasculares, respiratorias, dixestivas, renais, hematolóxicas, neurolóxicas. Atención e coidados complementarios á muller embarazada que presenta complicacións segundo o trimestre de xestación.

Tema 31. Parto, signos e síntomas de inicio de traballo de parto. Atención e coidados proporcionados á muller durante as distintas etapas do parto. Mecanismos de parto. Situación e presentación fetal. Tipos de parto. Valoración fetal e materna durante o traballo de parto. Monitorización e rexistro da frecuencia cardíaca fetal e dinámica uterina. Interpretación do rexistro tococardiográfico durante o traballo de parto. Acompañamento durante o parto da matrona e da persoa de confianza da muller durante o parto e posparto. Plan de parto/nacemento. Partograma.

Tema 32. Métodos non farmacolóxicos e farmacolóxico (analxesia neuroaxial) de alivio da dor durante o parto, vantaxes e inconvenientes. Farmacoterapia durante o traballo.

Tema 33. Rotura prematura de membranas. Parto múltiple. Parto de nádegas. Indución de parto e fracaso de indución. Complicacións obstétricas durante o traballo de parto: valoración e recomendacións de actuación. Situacións de emerxencia obstétrica: definición, clasificación, etiopatoxenia, factores de risco, manifestacións clínicas e intervencións. Es-



tudo de equilibrio ácido base. Criterios clínicos de indicación de cesárea urxente e programada. Atención á muller e ao neonato tras unha cesárea.

Tema 34. Atención durante o expulsivo (fase pasiva e activa). Valoración inicial, coidados inmediatos ao neonato. Adaptación do acabado de nacer á vida extrauterina. Contacto pel con pel e fomento da lactación materna. Identificación do neonato. Actuacións durante o libramento da placenta. Actuación no caso de complicacións do libramento da placenta. Indicacións e procedemento de episiotomía, episiorrafia. Diagnóstico e reparación de esgazaduras de esfínter anal. Doazón de sangue de cordón. Rexistro dos datos do parto/nacemento.

Tema 35. Concepto, etapas e duración do puerperio. Modificacións fisiolóxicas e psicolóxicas. Complicacións (físicas e psíquicas) da nai e do bebé durante o puerperio. Ictericia, infeccións e sepsis neonatal. Coidados da nai e do neonato no posparto inmediato. Coidados integrais do binomio nai-neonato durante o puerperio hospitalario. Inmunización activa durante o puerperio.

Tema 36. Información a proporcionar á muller durante o puerperio para os autocoidados e coidado do bebé. Papel do pai no proceso de crianza. Control e seguimento durante el puerperio en atención primaria. Contidos e obxectivos da visita domiciliaria. Valoración psicosocial e do entorno familiar. Educación maternal durante o puerperio e recuperación posparto.

Tema 37. Atención e coidados ao neonato de risco (prematuro, dismaduro, posmaduro, con malformacións conxénitas, anoxia fetal, sepsis, risco social). RCP neonatal. Atención no caso de perda perinatal. Actuación no caso de adopción.

Tema 38. Fisioloxía da lactación materna. Promoción e axuda á lactación materna. Información á nai e ao pai. Axuda práctica á nai lactante, observación e valoración da muller das tomas de peito. Iniciativa para a humanización da asistencia ao nacemento e lactación (IHAN) e centros de saúde IHAN (CS-IHAN). Alimentación artificial: información a proporcionar á nai e ao pai. Consecuencias para a saúde da nai e do bebé da non lactación materna.

Tema 39. Extracción, conservación e manipulación do leite materno. Recomendacións sobre a duración da lactación materna e introdución da alimentación complementaria. Educación sanitaria individual e de grupo (educación maternal posnatal, talleres de lactación materna), labor dos grupos de axuda á lactación materna. Complicacións temperás e tar-



días da lactación materna e actuación. Compatibilidade de medicamentos e outros produtos coa lactación materna. Bancos de leite materno.

Tema 40. Valoración e exploración do neonato. Cribaxe de enfermidades metabólicas.

Tema 41. Aborto espontáneo. Interrupción voluntaria do embarazo (IVE): tipos e requisitos legais necesarios. Información previa ao consentimento. Protección da intimidade e confidencialidade. Atención e coidados da muller no caso de aborto ou interrupción voluntaria do embarazo.

Tema 42. Planificación familiar e anticoncepción. Métodos anticonceptivos. Criterios para elixir o anticonceptivo adecuado a cada muller. Educación afectivo-sexual e asesoramento contraceptivo.

Tema 43. Sexualidade da muller ao longo da vida. Resposta sexual humana. Dificultades na vivencia da sexualidade e intervención. Deseño e desenvolvemento de programas de educación afectivo-sexual.

Tema 44. Atención e coidados á muller no caso de menarquia, amenorrea, dismenorrea, menorraxia, metrorraxia, oligomenorrea. Alteracións do ciclo menstrual. Educación sanitaria.

Tema 45. Atención e coidados de enfermaría obstétrico-xinecolóxica á muller con problemas xinecolóxicos. Enfermidades do colo uterino: malformacións, esgazaduras, infeccións e tumores benignos. Entidades precursoras do cancro uterino. Prevención do cancro de colo uterino.

Tema 46. Proceso de detección precoz de cancro de cérvix: obtención de mostras, clasificación de lesións citolóxicas e histolóxicas, cribaxe en grupos especiais de mulleres. Terminoloxía colposcópica.

Tema 47. Proceso asistencial integrado do cancro de mama e vía rápida para pacientes con sospeita de cancro de mama. Programa galego de detección precoz de cancro de mama.

Tema 48. Concepto de hixiene hospitalaria. Antisépticos, desinfectantes. Esterilización. Papel da matrona na prevención da infección nosocomial: medidas preventivas. Asepsia e antisepsia durante o parto/nacemento. Xestión de residuos sanitarios.



Tema 49. Avaliación do solo pelviano. Promoción e prevención das disfuncións do solo pelviano. Recuperación e rehabilitación do solo pelviano. Programas de adestramento de solo pelviano. Masaxe perineal. Incontinencia urinaria e ano-rectal.

Tema 50. Cambios fisiolóxicos e psicosociais durante a perimenopausa e climaterio. Atención e cuidados ás mulleres no climaterio. Promoción de hábitos saudables. Educación para a saúde individual e de grupo.

Os textos legais serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se nomean os tribunais de cualificación.

Enfermaría Pediátrica.

Tema 1. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e procedementos para a súa actualización.

Tema 2. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 3. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: indicadores de calidades e auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 4. A Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

Tema 5. Principios fundamentais da bioética: regulación xurídica. Código deontolóxico da enfermaría española. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O con-



sentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente.

Tema 6. Seguridade do paciente. Estratexia de seguridade do paciente do Sistema nacional de saúde. Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (Si-NASP). Eventos adversos. Prácticas seguras recomendadas. Hixiene de mans. Infección nosocomial. Medidas preventivas.

Tema 7. Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Desinfectantes e antisépticos. Esterilización: procedementos. Illamento hospitalario: concepto, tipos e descrición. Xestión de residuos sanitarios.

Tema 8. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas.

Tema 9. Enfermaría baseada na evidencia. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 10. Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, morbilidade e mortalidade perinatal e infantil, migracións, crecemento vexetativo. Datos demográficos da poboación galega.

Tema 11. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmissibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema nacional de vixilancia epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 12. Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Determinantes da saúde, influencia na saúde individual e colectiva. Principais problemas de saúde pública na poboación infantil e adolescente galega. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 13. Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ó/ápaciente, coidador/a principal e familia. Atención á diversidade.

Tema 14. Tecnoloxías da información e a comunicación. Sistemas de información utilizados no Servizo Galego de Saúde: historia clínica electrónica, correo electrónico, intranet, portais institucionais, aplicacións para web e móbil.



Tema 15. Xestión e planificación dos servizos sanitarios: concepto. Organización dos cuidados de enfermaría en atención primaria e atención hospitalaria: centro de saúde, comunidade, hospital, escola. Consulta de enfermaría. Coordinación entre niveis asistenciais: Informe de continuidade de cuidados, Conecta 72. Carteira de servizos: concepto. Urxencias e emerxencias: concepto. Organización da atención urxente. Recursos dispoñibles en Galicia.

Tema 16. Marco conceptual e taxonomías enfermeiras: xeneralidades. Modelo de cuidados de V.Henderson: definicións e valoración das necesidades. Patróns funcionais de M.Gordon: concepto e valoración. Proceso de atención de enfermaría (PAE): etapas do PAE.

Tema 17. Plan de cuidados enfermeiros: concepto e estrutura. Diagnósticos de enfermaría, criterios de resultado e intervencións: concepto e tipos de taxonomía (NANDA, NIC, NOC). Problemas de colaboración ou interdependentes.

Tema 18. A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do neno/a, familia e escolar.

Tema 19. Dereitos do neno/a: convención sobre os dereitos do neno. Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF). Carta europea dos dereitos do/da neno/a hospitalizado/a. Saúde para todos no século XXI (OMS). Plan estratéxico nacional de infancia e adolescencia 2013-2016. Estratexia SERGAS 2020: lactación materna, saúde mental, dor, maltrato infantil e obesidade.

Tema 20. A evolución histórica da asistencia pediátrica. Concepto de infancia: evolución. A saúde infantil ao longo da historia. Enfoques actuais dos cuidados aos/ás nenos/as e adolescentes. Atención centrada na familia.

Tema 21. Alimentación e nutrición. Lactación materna. Lactación artificial. Alimentación complementaria. Clasificación dos alimentos. Dietas saudables segundo a etapa de desenvolvemento. Alerxias e intolerancias alimentarias. Dietas terapéuticas. Nutrición enteral e parenteral: técnicas de administración e protocolos de actuación.

Tema 22. Farmacoloxía na infancia e adolescencia. Farmacocinética e farmacodinamia no neno. Clasificación xeral dos medicamentos. Toxicidade e efectos colaterais. Administración de medicamentos. Cálculo de doses. Precaucións previas á administración dun



fármaco. Vías de administración: definición e tipo. Técnicas e problemas máis frecuentes. Condicións de conservación, solicitude e rexistros dos medicamentos. Farmacovixancia.

Tema 23. Programa do neno san: Valoración do crecemento e desenvolvemento psico-motor. Promoción da saúde: estilos de vida saudables segundo o período da infancia. Prevención da enfermidade. Detección precoz de problemas de saúde: concepto e cribaxes. Prevención de accidentes na infancia e adolescencia.

Tema 24. Atención á adolescencia. Promoción da saúde individual, grupal e na comunidade. Imaxe corporal, identidade de xénero, condutas antisociais e violencia, drogodependencias e adiccións. Saúde sexual: educación sexual e métodos anticonceptivos. Prevención de enfermidades de transmisión sexual (ETS). Dificultades do desenvolvemento sexual. Embarazo na adolescente. Interrupción voluntaria do embarazo. Afrontamento familiar.

Tema 25. Inmunizacións: concepto. Clasificación e tipos de vacinas. Calendario vacinal en Galicia. Administración e pautas de vacinación. Contraindicacións. Complicacións. Conservación, solicitude e rexistro.

Tema 26. A dor no/a neno/a. Dor aguda e dor crónica. Valoración da dor no/a neno/a en etapa preverbal. Autoinforme. Manexo da dor: intervencións non farmacolóxicas para o alivio da dor e tratamento farmacolóxico.

Tema 27. A hospitalización do/a neno/a. Repercusión para o menor e a familia: estratexias de afrontamento. A escolarización do/a neno/a hospitalizado/a. Iniciativa hospital amigo dos nenos (IHAN). Características das unidades asistenciais pediátricas.

Tema 28. Atención á cronicidade na infancia. Coordinación entre atención primaria, atención hospitalaria e servizos sociais. Programas específicos de atención domiciliaria: programas de atención a pacientes inmovilizados e terminais.

Tema 29. Valoración e coidados de enfermaría ao/á neonato/a san. Adaptación á vida extrauterina. Valoración e coidados no período de transición. Clasificación por peso e idade xestacional.

Tema 30. Cribaxes neonatais: Programa galego de detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas e programa galego para a detección da xordeira. Vínculo materno filial.



Tema 31. Valoración e cuidados de enfermaría ao neonato de alto risco. Prematuridade. Neonato de baixo peso. Cuidados centrados no desenvolvemento. Patoloxía prevalente. Anomalías conxénitas.

Tema 32. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas respiratorios: bronquiolite, larinxite, pneumonía. Outros problemas broncopulmonares. Procedementos de enfermaría: espirometría, inhalacións, oxixenoterapia e outras técnicas.

Tema 33. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas gastrointestinais: gastroenterite aguda. Deshidratación: tipos e signos clínicos. Principais problemas dixestivos: refluxo gastroesofáxico, cólico do/da lactante. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 34. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con desnutrición, sobrepeso e obesidade.

Tema 35. Detección e intervención ante o maltrato infantil. Violencia de xénero no ámbito familiar, escolar e social. Acoso escolar (*Bullying*). Estratexias para a prevención e detección. Afrontamento familiar. Atención sanitaria e social ás vítimas.

Tema 36. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas de saúde mental. Trastornos da conduta alimentaria: anorexia, bulimia. Trastornos da personalidade. Trastornos polo abuso de substancias (alcol e drogas). Plan de trastornos adictivos de Galicia dirixido a menores. Prevención e control ante o risco de suicidio. Outras alteracións psíquicas. Valoración da situación familiar e social.

Tema 37. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas neurolóxicos: convulsión febril, epilepsia. Outros problemas do sistema nervioso. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 38. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas no sistema renal: infección do tracto urinario. Outros problemas renais e urolóxicos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Cateterismo vesical: concepto, indicacións e contraindicacións da sondaxe vesical.

Tema 39. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas endocrinolóxicos: diabetes, alteracións de crecemento, pubertad precoz. Outros problemas. Procedementos e técnicas de enfermaría.



Tema 40. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas no sistema músculo-esquelético. Principais problemas do aparello locomotor na infancia e adolescencia. Displasia evolutiva de cadeira. Escoliose. Procedementos de enfermaría: vendaxes, inmovilizacións e outras técnicas.

Tema 41. Valoración e cuidados ao/á neno/a cun proceso alérxico. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 42. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con discapacidade física e/ou psíquica. Atención á familia e na comunidade. Valoración holística do/a neonato/a, neno/a ou adolescente e a súa familia. Grao de dependencia. Detección de anomalías e posibles déficits do seu desenvolvemento. Procedementos de actuación.

Tema 43. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as con problemas oncolóxicos: principais problemas. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medicamentos antineoplásicos: clasificación e efectos secundarios. Medicamentos coadxuvantes. Manipulación de medicamentos citostáticos na atención primaria e hospitalaria.

Tema 44. Valoración e cuidados de enfermaría ao/a neno/a con deterioración da integridade cutánea e/ou tisular. Tipos de feridas: úlceras por presión, lesións cutáneas asociadas á humidade, feridas cirúrxicas, epidermólise bullosa, lesións cutáneas neoplásicas, feridas traumáticas, lesións por queimadura: concepto, factores de risco, localización. Procesos de formación, clasificación. Escalas de valoración de risco, rexistros. Medidas de prevención e tratamento.

Tema 45. Valoración e cuidados de enfermaría pediátrica nos pacientes con procesos infectocontaxiosos: meninxite, tuberculose. Outros procesos infecciosos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medidas de prevención e control.

Tema 46. Valoración e cuidados de enfermaría ao/á neno/a que require atención inmediata: politraumatismos, intoxicacións, queimaduras e shock. Parada cardiorrespiratoria: definicións. Reanimación cardiopulmonar básica e avanzada: neonatal e pediátrica.

Tema 47. Valoración e cuidados de enfermaría ao/á neno/a cun proceso cirúrxico: preoperatorio, poscirúrxico. Procedementos de enfermaría: curas, drenaxes e outras técnicas. Cirurxía menor en atención primaria.



Tema 48. Valoración e cuidados de enfermaría a nenos/as ao final da vida. Cuidados de enfermaría ante situacións de morte inminente. Preparar para a morte. Axudar a «ben morrer»: Dó: o apoio familiar, social. Limitación do esforzo terapéutico.

Os textos legais serán os vixentes á data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se procede ao nomeamento dos tribunais de cualificación.

ANEXO III

Exercicios

1º exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, con dúas partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1. Contestación por escrito de 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 5 preguntas de reserva, de contido teórico da parte específica do programa.
2. Contestación por escrito de 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 5 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán ningunha valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50 % do seu valor.

2º exercicio (obrigatorio non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 2 preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa do anexo II (temas 1 ao 8, inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos.



Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que participen pola quenda de promoción interna. Nas listaxes de puntuación da fase de oposición asignaráselles ás persoas aspirantes que participen por esta quenda 5 puntos nesta epígrafe.

3º exercicio (obrigatorio non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 2 preguntas de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento por parte dos/das aspirantes da lingua galega, nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego), de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega), aos cales se lles asignarán 5 puntos.

No suposto en que deba anularse un número de preguntas dun exercicio superior ao de reserva, o valor de cada resposta correcta será o que resulte de dividir a puntuación máxima acadable no respectivo exercicio entre o número de preguntas válidas que finalmente resulten.



ANEXO IV**Baremo**

1. Formación: 35 % (14 puntos).

1.1. Académica.

a) Grao:

1. Estudos da correspondente diplomatura ou grao:

Plan antigo:

– Por cada matrícula de honra: 1,50 puntos.

– Por cada sobresaliente: 1 punto.

– Por cada notable: 0,5 puntos.

Non se valorará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no plan de estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:

$$\frac{0,5 C_n + 1 C_s + 1,5 C_{mh}}{C_a + C_n + C_s + C_{mh}}$$

As anotacións C_a , C_n , C_s e C_{mh} corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos cales, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaliente e matrícula de honra. Non se puntuará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.



Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

b) Posgrao.

1. Pola realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA): 1,5 puntos.

2. Título de doutor/a no ámbito das ciencias da saúde: 5 puntos.

3. Premio extraordinario de doutoramento no ámbito das ciencias da saúde: 0,5 puntos.

4. Máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario no ámbito das ciencias da saúde:

a. En caso de estar computado en créditos ECTS:

– Título oficial: 0,05 puntos/crédito.

– Título propio: 0,025 puntos/crédito.

b. En caso de estar computado só en horas:

– Título oficial: 0,005 puntos/hora.

– Título propio: 0,0025 puntos/hora.

A titulación de máster debea rexistrar o/a aspirante en Fides/expedient-e na epígrafe de formación continuada recibida/máster.

As epígrafes b.1) e b.2) son excluíntes entre si.



1.2. Continuada:

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a actividades formativas acreditadas por algún dos órganos acreditadores que integran o Sistema acreditador da formación continuada do Sistema nacional de saúde, polo Consello Internacional de Enfermaría (CIE), polo Consello Europeo de Acreditación da Educación Médica Continuada (EACCME) ou pola Asociación Médica Americana (AMA), impartidos por calquera entidade ou organismo público ou privado, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á especialidade a que se opta.

b) Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Servizo Público de Emprego, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á especialidade á que se opta.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á especialidade á que se opta.

Valoración/s:

– Por crédito CFC: 0,30 puntos.

– Por hora, crédito CIFCE/EACCME/AMA PRA categoría 1: 0,030 puntos.

A puntuación que se outorgará aos/ás aspirantes que impartisen os anteditos cursos será de 0,060 puntos por hora de docencia impartida. Valorarase a formación impartida que teña un contido relacionado coas funcións propias da especialidade á que se opta.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste. Se a actividade formativa consta acreditada en créditos EACCME, CIFCE ou AMA PRA e créditos CFC, valorarase coa puntuación asignada a estes últimos.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título académico exixido para o acceso á categoría.



Os cursos de prevención de riscos, informática, xestión clínica, bioestatística e metodoloxía da investigación valoraranse en todas as categorías e con independencia da data de obtención do título exixido para o acceso á categoría, cunha puntuación máxima de 4 puntos.

Así mesmo, valorarase en todo caso a formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios, talleres ou similares, agás que estean debidamente acreditados polos órganos acreditadores que forman o sistema acreditador da formación continuada do Sistema nacional de saúde.

1.3. Especializada.

Por ter completado o período como residente do programa EIR na especialidade a que se presente, en España ou nun país da Unión Europea, ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados/as na especialidade a que se presente e co título validado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: 5 puntos.

2. Experiencia: 55 % (22 puntos).

– Por cada mes completo de servizos prestados na mesma categoría e especialidade, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,20 puntos/mes.

– Por cada mes completo de servizos prestados na mesma categoría e especialidade, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia doutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,10 puntos/mes.

– Por cada mes completo de servizos prestados na mesma categoría e especialidade por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de especialidades de ciencias da saúde de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,07 puntos/mes.



– Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría/especialidade de persoal sanitario, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,05 puntos/mes.

– Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría profesional distinta das previstas na epígrafe anterior, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,04 puntos/mes.

Puntuación específica polo exercicio de dereitos de conciliación:

Polo exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata o máximo de 0,5 puntos:

– Licenza por maternidade: 0,2 puntos/licenza.

– Permiso de paternidade: 0,2 puntos/permiso.

– Redución de xornada por motivos familiares: 0,2 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano e tomarase como data de referencia a data do seu inicio. No suposto de que o seu disfrute se estendera na anualidade seguinte á de inicio, computarase como unha soa redución.

– Excedencia por coidado de fillos e familiares: 0,02 puntos/mes.

A acreditación de cada unha destas circunstancias deberá efectuarse polo/a aspirante na forma prevista no anexo V.

Normas xerais de valoración.

Primeira.

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada epígrafe do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, despreciándose os decimais.



En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural poderá, valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso, un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintas epígrafes do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas en devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Segunda.

Os servizos prestados durante o período en que se disfrute dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período, o/a interesado/a acredite distintos nomeamentos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

O período de formación para a obtención do título de especialista así como calquera actividade laboral desenvolvida durante o período de formación para a obtención do título de especialista non poderán ser valorados como tempo de servizos prestados.

Os períodos de permiso sen soldo así como a permanencia en situación de servizos especiais valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados na categoría/especialidade para os efectos deste baremo.

Os servizos prestados noutra categoría en promoción interna temporal polo persoal estatutario fixo valoraranse como servizos temporais en dita categoría.



A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título académico que dá acceso á categoría.

De conformidade co artigo 3 do Decreto 81/2016, do 23 de xuño, os servizos prestados a partir da data de obtención do título de especialista e en desenvolvemento das actividades propias dunha especialidade terán a consideración de prestados nesta.

Os servizos prestados en virtude dun título expedido por terceiros países valoraranse desde a data de homologación ou recoñecemento do título polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. Outras actividades: (10 %) (4 puntos).

A) Actividade docente.

A.1) Docencia universitaria impartida no ámbito das ciencias da saúde: 0,2 puntos/curso académico, ata un máximo de 1 punto.

A.2) Docencia de formación sanitaria especializada:

– Xefe de estudos ou presidente da subcomisión de enfermaría de formación sanitaria especializada: 0,375 puntos/ano ou a parte proporcional.

– Titor: 0,25 puntos/ano ou a parte proporcional.

– Colaborador docente: 0,10 puntos/ano ou a parte proporcional.

Para os efectos deste baremo, o colaborador docente é o/a profesional dos diferentes dispositivos dunha unidade docente por onde rotan os/as especialistas en formación que, sen ser titor, colabora de forma activa na súa formación, asumindo a orientación, a supervisión e o control das actividades que realicen durante as rotacións.

B) Polo título dunha ou varias especialidades de enfermaría ou titulacións sanitarias recoñecidas no artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que non sexan requisito para o acceso á categoría en que se participa: 1 punto.



C) Pola autoría de traballos científicos e de investigación no ámbito das ciencias da saúde, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboas de valoración:

C.1) Revistas científicas.

– As publicacións deben pertencer a revistas científicas indexadas en InDICE CSIC, IBECS, Pubmed, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO, catálogo Latindex, CINAHL ou nalgunha das revistas indexadas en Cuiden que se relacionan no anexo VIII. Non serán obxecto de valoración as publicacións realizadas en revistas non indexadas nas bases de datos referidas.

Tales publicacións valoraranse nos seguintes termos:

1. Os artigos científicos (orixinal, orixinal breve, revisión, revisión sistemática, meta-análise e guías de práctica clínica) publicados en revistas con factor de impacto do *Journal Citation Report* (JCR) ou *Scimago Journal Rank* (SJR) na data de publicación da convocatoria: 0,40 puntos.

2. Os artigos científicos (orixinal, orixinal breve, revisión, revisión sistemática, meta-análise e guías de práctica clínica) publicados en revistas sen factor de impacto: 0,15 puntos.

3. Editoriais, cartas, artigos de opinión, técnicas e procedementos, de carácter científico ou de investigación, publicados en revistas con factor de impacto do *Journal Citation Report* (JCR) ou *Scimago Journal Rank* (SJR) na data de publicación da convocatoria: 0,10 puntos.

Non serán obxecto de valoración as notas clínicas, resumos de comunicacións e casos clínicos.

C.2) Libros ou capítulos de libros.

– Capítulo de libro: 0,10 puntos.

– Libro completo: 0,30 puntos.

Só terán a consideración de libro aquelas publicacións cun mínimo de 49 páxinas. Para a súa valoración, a publicación debe estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.



Non terán a consideración de libro aínda que adopten esta forma de edición as actas de congreso.

Por non reunir a condición de traballo científico e de investigación non serán obxecto de valoración os libros/capítulos editados como glosario, anuario, manuais de preparación para o acceso á formación sanitaria especializada e ao emprego público, cursos de formación continuada, protocolos de servizo, libros de casos clínicos, sesións interhospitalarias e demais que así se aprecie o respectivo órgano de selección.

Por ser obxecto de valoración tal mérito noutra epígrafe do baremo, non se lle asignará ningunha puntuación nesta epígrafe ás publicacións de teses de doutoramento.

Non serán obxecto de valoración as autoedicións e/ou autopublicacións, entendendo por tales aquelas publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas cales este figure como editor.

No suposto de libros de autoría colectiva, só será obxecto de valoración aquela publicación que, da documentación presentada polo/a aspirante quede suficientemente acreditada a participación concreta nela. Enténdese por autoría colectiva aquela publicación en que interveñen un mínimo de catro autores.

Os capítulos de libro en que participen catro ou máis autores non serán obxecto de valoración.

Normas comúns de valoración de libros e revistas.

– En ningún caso, un mesmo contido determinado e obxectivo publicado baixo diferentes formas e en diferentes publicacións poderá ser obxecto de máis dunha valoración.

– Non serán obxecto de valoración as publicacións de carácter divulgativo.

Para os efectos deste baremo, non terán a consideración de autor da publicación, o coordinador, director e outros colaboradores.

D) Por cada premio de investigación outorgado a traballos de investigación orixinais publicados, premios a comunicacións en congresos científicos e premios de recoñecido prestixio a traxectorias científicas, outorgados por sociedades científicas, organismos oficiais ou entidades sen ánimo de lucro debidamente rexistradas entre cuxos fins se encontre a investigación, ata un máximo de 1 punto:

– Premio de ámbito internacional: 0,20 puntos.



- Premio de ámbito nacional: 0,15 puntos.
- Premio de ámbito autonómico/local: 0,10 puntos.

E) Proxectos de investigación:

Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación financiados por organismos públicos:

a. Como investigador principal:

- Proxectos internacionais: 2 puntos.
- Proxectos nacionais: 1 punto.
- Proxectos autonómicos: 0,30 puntos.

b. Como investigador colaborador:

- Proxectos internacionais: 1 punto.
- Proxectos nacionais: 0,30 puntos.
- Proxectos autonómicos: 0,10 puntos.

Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias competitivas financiados por organismos privados nacionais ou internacionais:

- Como investigador principal: 0,30 puntos.

Os proxectos de investigación non competitivos non serán baremables.

Non se considerarán parte do equipo investigador o persoal contratado a cargo do proxecto nin as colaboracións puntuais no mesmo.

F) Estadías formativas en centros de investigación nacionais ou estranxeiros: 0,05 puntos/mes completo.

Para os efectos deste proceso selectivo teñen a condición de centros de investigación os centros receptores en que os profesionais desenvolvan actividades de investigación,



trátase de centros do SNS, universidade, organismos públicos de investigación (OPIS) e, en xeral, calquera centro de investigación dependente da Administración pública española ou estranxeira, que contén con grupos de investigación de traxectoria acreditada en bio-medicina e ciencias da saúde.

As estadías clínicas para a mellora de habilidades ou a aprendizaxe de técnicas innovadoras, que consten debidamente acreditadas consonte o Sistema acreditador da formación continuada do Sistema nacional de saúde, serán obxecto de valoración na epígrafe de formación continuada.

G) Patentes:

– Solicitada e aceptada: 1 punto.

– En explotación: 2 puntos.

H) Por ter completado o programa de formación en investigación Río Hortega para profesionais que teñan finalizado a súa formación sanitaria especializada: 1 punto.

Este mérito debe rexistralo electronicamente o/a aspirante en Fides/expedient-e, na epígrafe de «Outros méritos».

ANEXO V

Procedemento de acreditación de méritos

a) Formación académica	Acreditárase, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo/a aspirante e data en que foron causados. No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e indicar o programa e créditos obtidos. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento ou homologación da titulación expedida polo Ministerio de Educación español. O expediente académico e cualificacións obtidas requiren, para a súa valoración, a presentación da certificación de recoñecemento ou equivalencia oficial. Supostos específicos. a) A acreditación da formación máster efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECT asignados á dita actividade formativa. Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo nos supostos en que non quede suficientemente acreditado a relación do seu contido co ámbito das ciencias da saúde.
------------------------	--



b) Formación continuada	<p>a) Recibida: acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso en que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola Comisión nacional ou autonómica de formación continuada deberá constar o logotipo da respectiva comisión e, ademais, o número de expediente se se trata de actividades formativas posteriores a abril de 2007.</p> <p>Normas específicas para a formación en liña. Valoraranse aqueles diplomas de cursos en liña en que conste o número de créditos, número de expediente e logotipo da Comisión de formación continuada. Non será necesario que conste o número de expediente se se trata de cursos anteriores a abril de 2007.</p> <p>Serán válidos ademais aqueles diplomas asinados dixitalmente por <i>Digital Learning</i> cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa que conterá toda a información exixida neste punto.</p> <p>No suposto de formación en liña con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro das ditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos en que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada. Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p>b) Impartida: acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
c) Formación especializada	<p>No suposto de titulacións obtidas en España, acreditarase tal mérito mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación emitida pola respectiva Comisión de docencia ou Rexistro nacional de especialistas en formación do Ministerio de Sanidade de ter completado o período de formación conducente á obtención do título da respectiva especialidade, que deberá indicar a data de superación.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas noutros Estados da Unión Europea achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
d) Docencia universitaria	<p>A docencia universitaria impartida acreditarase mediante certificación da respectiva universidade na cal se fará constar expresamente o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado o mérito.</p>
e) Docencia de formación especializada	<p>Acreditarase mediante certificación asinada pola Comisión de docencia do centro ou, de ser o caso, comisión de docencia da unidade docente onde se impartise, na cal deberán constar expresamente os períodos de desenvolvemento de tal actividade e condición en que se impartiu. A participación como xefe/a de estudos acreditarase mediante certificación asinada polo/a director/a xerente da institución sanitaria correspondente. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
f) Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente na cal deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/número de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p>



	<p>A experiencia profesional en centros privados acreditarase mediante certificación da empresa na cal deberá constar a información arriba indicada, ou contrato laboral. En ambos os supostos xunto coa citada documentación deberá presentarse un informe de vida laboral emitido polo INSS.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas deberá quedar debidamente acreditado no certificado a existencia dun concerto co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto, tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar debidamente acreditado no certificado que se achegue a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>A actividade de investigación acreditarase mediante copia compulsada do contrato ou nomeamento administrativo en que conste a súa vinculación como persoal investigador, datas de inicio e fin e a pertenza ao Sistema sanitario público da institución sanitaria por cuxa conta e dependencia se realiza a actividade de investigación. Noutro suposto, tal mérito non será obxecto de valoración.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p> <p>Puntuación específica por conciliación.</p> <p>As situacións de permiso por paternidade e maternidade, redución de xornada por motivos familiares e excedencia por coidado de fillos/as e familiares acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola dirección do centro en que deberán constar as datas de inicio e fin.</p> <p>O persoal fixo ou temporal que nos últimos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria viñese prestando os seus servizos no Sergas non terá que presentar ningunha documentación acreditativa de tales situacións.</p>
g) Publicación de traballos científicos e de investigación	<p>Revistas científicas indexadas en Pubmed. Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base de datos de Pubmed para a súa posterior validación.</p> <p>Revistas científicas indexadas en INDICE CSIC, IBECs, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO, catálogo Latindex, CINAHL e CUIDEN. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivamento de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <p>Libros/capítulos de libro editados en papel. Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Libros editados en formato electrónico. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
h) Premios de investigación	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do diploma de concesión. Se no diploma non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa achega das bases de convocatoria do premio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>



i) Proxectos de investigación	<p>A participación como investigador principal nun proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador ou organismo público competente, en que consten os datos identificativos do interesado e do proxecto no que participa.</p> <p>A participación como investigador colaborador acreditarase mediante a presentación da copia de resolución de convocatoria se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que houbera cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.</p> <p>No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación deberá achegarse certificado asinado polo investigador principal ou organismo público competente que acredite a concesión do proxecto de investigación ao investigador principal así como a identidade dos investigadores colaboradores.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderán debidamente acreditados tales méritos.</p>
j) Estadías formativas	<p>Acreditaranse mediante certificación do responsable da estadía (director do centro) ou do organismo público concedente da axuda (no caso de estadías financiadas no marco dun programa de recursos humanos), en que se faga constar o obxecto da estadía e as datas de inicio e fin.</p> <p>Non serán tidas en conta as rotacións externas realizadas durante o período formativo da respectiva especialidade.</p>
k) Patentes	<p>As patentes solicitadas e aceptadas acreditaranse coa inscrición no Rexistro de Patentes. As patentes que se encontren en explotación acreditaranse coa achega do acordo de explotación da patente.</p>
l) Programa de formación en investigación Río Hortega	<p>Este mérito deberá ser rexistrado electronicamente polo/a aspirante en Fides/expedient-e na epígrafe de «outros méritos».</p> <p>Acreditarase este mérito mediante contrato de traballo asinado entre o/a candidato/a e a entidade beneficiaria, xunto ao cal se achegará informe de vida laboral expedido polo INSS.</p>
m) Compulsa de documentos	<p>As copias dos documentos acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p>
n) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán acompañarse da súa tradución ao castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <p>a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</p> <p>b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</p> <p>c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</p> <p>Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.</p>

ANEXO VI

Instrucións de acceso ao expediente electrónico (Fides)

A Oficina Virtual do Profesional (Fides) constitúe o punto de encontro telemático entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais con que mantén unha vinculación, así como coas persoas aspirantes e profesionais doutros servizos de saúde que participen nos procesos de selección e provisión de prazas convocados por este organismo, configurándose como a plataforma de acceso ao expediente electrónico do/da profesional ou aspirante.



O acceso a Fides, poderase realizar desde:

– Internet (profesionais do Servizo Galego de Saúde e procedentes doutros servizos autonómicos de saúde).

– A intranet do Servizo Galego de Saúde (só dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa).

1. Acceso desde a internet.

1.1. Acceso desde a internet con certificado dixital.

Os profesionais do Servizo Galego de Saúde así como os que procedan doutro servizo de saúde autonómico poderán acceder desta forma a Fides a través do enderezo <http://fides.sergas.es>.

É requisito indispensable dispoñer dun certificado dixital para acceder a través desta vía. Os certificados aceptados son os expedidos pola FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre) e o DNI electrónico (DNle).

Para obter o certificado dixital expedido pola FNMT será preciso solicitalo a través de Internet (no enderezo www.cert.fnmt.es), ou ben en calquera oficina da Axencia Tributaria (Ministerio de Economía e Facenda).

Se o usuario xa dispón dunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico, esta xa contén un certificado da FNMT, polo que non será necesario solicitar un novo. De feito, a solicitude dun novo certificado inhabilitará o que existe na tarxeta sanitaria.

Pola súa parte, o DNI electrónico (DNle) poderase solicitar nas oficinas da Dirección Xeral da Policía.

Para a identificación do usuario mediante tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico ou a través do DNI electrónico, será preciso, con carácter xeral, dispoñer dunha lectora de tarxetas. Non se requirirá lectora de tarxetas unicamente no suposto de dispoñer dun certificado dixital da FNMT instalado no propio equipo.

Os/as usuarios/as poderán solicitar información e obter asesoramento sobre a acreditación electrónica nos PAE (punto de acreditación electrónica) habilitados polo Servizo



Galego de Saúde nos diversos centros sanitarios de atención especializada e atención primaria do organismo.

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os/as profesionais actualmente vinculados ao Servizo Galego de Saúde, así como aqueles profesionais procedentes doutros servizos de saúde que nalgún momento do pasado tiveran algún tipo de vinculación co citado organismo, serán, tanto o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo, así como ao resto de funcionalidades existentes na Oficina Virtual do Profesional (Fides).

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os profesionais que nunca tiveron un vínculo co Servizo Galego de Saúde serán, tanto o acceso á xestión do expediente electrónico como á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo.

A primeira vez que un profesional acceda con certificado dixital a Fides, solicitaráselle que cumprimente un formulario de alta con datos básicos.

1.2. Acceso desde a internet sen certificado dixital.

O acceso a Fides desde a internet sen certificado dixital pode efectuarse a través do enderezo <http://fides.sergas.es>, mediante o sistema Chave365, que permite aos/ás cidadáns/cidadás maiores de idade identificarse tanto en Fides como na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico.

Pódese atopar toda a información relativa ao sistema Chave365 neste enderezo: <https://sede.xunta.gal/chave365>

2. Acceso desde a intranet do Servizo Galego de Saúde.

Esta vía so estará dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa do citado organismo.

Os/as profesionais cun vínculo activo terán, mediante este sistema, acceso á totalidade de servizos e funcionalidades de Fides, incluído o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados.



O acceso a Fides realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

3. Manual de instrucións de acceso e funcionamento do expediente electrónico e validación da documentación.

Na sede electrónica do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) figura á disposición dos concursantes un manual de instrucións sobre o acceso e funcionamento do expediente electrónico, os diferentes estados en que pode atopar a información relativa aos seus méritos e normas de validación da documentación a achegar.

4. Buzón de correo electrónico.

Para efectuar as consultas e resolver as dúbidas que xurdan en relación con este procedemento, habilítase o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es



ANEXO VIII
Catálogo de revistas CUIDEN

Título da revista	Abreviatura	ISSN
Revista de Enfermagem da Universidade Federal do Piauí	REUFPI	2238-7234
ACTA Paulista de Enfermagem	Acta Paul Enferm-Bra-	0103-2100
Anales de la Escuela Universitaria de Ciencias de la Salud de Zaragoza	Anal Cienc Salud	1139-7101
Aquichán	Aquichán	1657-5997
Archivos de la Memoria	Arch Memoria	1699-602X
Avances en Enfermería	av.enferm.	impreso: 0121-4500/ Digital: 2346-0261
Benessere, Revista de Enfermería	Benessere	0719-7764
Biblioteca Lascasas	Biblioteca Lascasas	1885-2238
Boletín Informativo de la Sociedad Española de Enfermería en Cardiología	AEC	1134-8054
Boletín Informativo de la Sociedad Española de Enfermería Nefrológica	BISEDEN	1131-4710
Ciber Revista: enfermeriadeurgencias.com	Ciber Revista-Esp-	1579-5527
Ciencia y Enfermería	Cienc enferm-Chi-	0717-2079 0717-9553 (versión en liña)
Ciência, Cuidado e Saúde	Ciência, Cuidado e Saúde	1677-3861
Clínicas de Enfermería de Norteamérica	Clin Enferm de Norteamérica	0186-0402
Cogitare Enfermagem	Cogitare Enferm	1414-8536
Comunicación Enfermera	Comunic Enferm	1135-4259
Cuidando la Salud	Cuid Salud	1696-1005
Cultura de los Cuidados	Cul Cuid	1138-1728
Desarrollo Científico de Enfermería	Desarrollo Científ Enferm-Méx-	1405-0048
Documentos de Enfermería	Doc Enferm	1136-2243
E-ducare21. Revista electrónica de formación enfermera	Educare21-Esp-	1696-820 (-2005) 14582-214 (2006)
EGEH. Enfermería en Gastroenterología y Hepatología	EGEH	1578-4533
Enfermagem em Foco	Enferm Foco	2177-4285
Enfermería Actualidad	Enfermería Actualidad	1135-4097
Enfermería Científica	Enferm Científ	0211-9005
Enfermería Clínica	Enferm Clínica	1130-8621
Enfermería Comunitaria. Revista internacional de cuidados de salud familiar y comunitaria	Enferm Comunitaria (Gran)	1699-0641
Enfermería Dermatológica ANEDIDIC	Enferm Dermatol	1888-3109



Título da revista	Abreviatura	ISSN
Enfermería Docente	Enferm Docente-Esp-	1131-2335
Enfermería en Anestesia-Reanimación y Terapia del dolor	Enferm Anest	1579-8240
Enfermería en Cardiología	Rev Enferm Cardiol-Esp-	1575-4146
Enfermería en Endoscopia Digestiva	Enferm Endosc Dig	2341-3476
Enfermería Global	Enferm Global-Esp-	1695-6141
Enfermería Integral	Enferm Integral	0214-0128
Enfermería Intensiva	Enferm Intensiva	1130-2399
Enfermería Nefrológica. Revista Oficial de la Sociedad Española de Enfermería Nefrológica	Enferm Nefrol	2254-2884
Enfermería Oncológica	Enferm Oncológica	1576-5520
Enfermería Radiológica	Enferm Radiológica	1137-5698
Enfermería universitaria	Enferm Universitaria-Mex-	1665-7063
Enfermería: Cuidados humanizados	Enfermería (Montev.)	1688-8375
Enfuro	Enfuro	0210-9476
Escola Anna Nery Revista de Enfermagem	Esc. Anna Nery R. Enferm.-Bra-	1414-8145
Evidentia. Revista de Enfermería Basada en la Evidencia	Evidentia	1697-638X
Excelencia Enfermera	Excel Enferm	1698-0530
Garnata 91	Garnata	1134-1858
Gerokomos	Gerokomos	1134-928X
Híades	Híades	1134-5160
Historia da Enfermagem– Revista Electrónica	HERE	2176-7475
Hygia (Sevilla)	Hygia	1137-7178
Hygia de Enfermería	Hygia de Enfermería	1576-3056
Iaso. Revista Científica del Colegio Oficial de Enfermería de Almería	Iaso	1135-4828
Index de Enfermería (edición digital). Información Bibliográfica, Investigación y Humanidades	Index Enferm	1699-5988
Index de Enfermería. Información Bibliográfica, Investigación y Humanidades	Index Enferm	1132-1296
Inquietudes	Inquietudes	Papel1135-2086 Digital 2254-7266
International Nursing Review (en español)	Int Nursing Rev	1577-9378
Investigación & Cuidados. Revista de la Organización Colegial de Enfermería de la Comunidad Valenciana	Invest & Cuid	1698-4587
Investigación en enfermería: imagen y desarrollo	Inv Enf	0124-2059 impreso/ 2027-128X en liña



Título da revista	Abreviatura	ISSN
Investigación y Educación en Enfermería	Invest Educ Enferm-Col-	0120-5307
Journal of Nursing and Health	J Nurs Health	2236-1987
Matronas Profesión	Matronas Prof	1578-0740
Metas de Enfermería	Metas Enferm	1138-7262
MEDWAVE – Enfermería	Medwave-Chi-	0717-6384
MUSAS. Revista de Investigación en Mujer, Salud y Sociedad	Musas	2385-7005
Nosocomio	Nosocomio	1136-8985
Notas de Enfermería	Not Enferm	1130-734X
Noticias de Enfermería	Notic Enferm	1130-2410
Nure Investigación	Nure Inv	1697-218X
Nursing	Nursing-Ed esp-	0212-5382
Paginasenferurg.com	Pag Enferurg	1989-2829
Panace@. Revista de Medicina, Lenguaje y Traducción	Panace@	1537-1964
Paraninfo Digital	Rev Paraninfo Digital	1988-3439
Pensar Enfermagem	Pensar Enferm	0873-8904
Presencia	Presencia	1885-0219
Revista Baiana de Enfermagem	Rev Baiana Enferm	impreso: 0102-5430/ Digital: 2178-865
Revista Bioethikos	Rev Bioethikos	1981-8254
Revista Brasileira de Enfermagem	REBEn	0034-7167
Revista Científica de la Sociedad Española de Enfermería Neurológica	Rev Cient Soc Esp Enferm Neurol	2013-5246
Revista Cubana de Enfermería	Rev Cubana Enfermer	0864-0319
Revista CUIDARTE	Rev Cuid	2216-0973; E:2346-3414
Revista da Faculdade Santa Marcelina	Faculdade Santa Marcelina em Revista-Bra-	1806-5058
Revista de Educación e Investigación en Enfermería	Rev. Aladefe	2174-6915 / Depósito legal: M-34990-2011
Revista de Enfermagem Atenção e Saúde	Rev Enferm Atenção Saúde (en liña)	2317-1154
Revista de Enfermagem da UFSM	R. Enferm. UFSM	2179-7692
Revista de Enfermagem do Centro-Oeste Mineiro	R. Enferm. Cent. O. Min.	2236-6091
Revista de Enfermagem Referência	Referência	0874-0283
Revista de Enfermagem UFPE On Line	Rev Enferm UFPE On Line	1981-8963
Revista de Enfermería del Instituto Mexicano del Seguro Social	Rev Enferm IMSS-Méx-	0188-431X



Título da revista	Abreviatura	ISSN
Revista de Enfermería Gerontológica	Rev Enferm Gerontológica	D.L.: M-29365-2000 2444-1473
Revista de enfermería neurológica	Enf Neurológica	1870-6592
Revista de Enfermería. Publicación de la Escuela Universitaria de Enfermería de Albacete	Enferm Univ Albacete	1131-7957
Revista de la Asociación Española de ATS en Urología	Rev AE ATS Urolog	0210-9476
Revista de la Asociación Española de Enfermería Quirúrgica	AEEQ	1885-2548
Revista de la Asociación Española de Enfermeras en VIH/SIDA	Rev AE Enf VIH	1575-3549
Revista de la Asociación Española de Enfermería en Urología	Rev AE Enferm Urolog	0210-9476
Revista de la Escuela de Enfermería La Fe de Valencia	Rev EUE La FE	1139-837X
Revista de la Sociedad Española de Enfermería Nefrológica	Rev Soc Esp Enferm Nefrol	1139-1375
Revista de la sociedad española de enfermería radiológica	RSEER	1698-0301
Revista de Pesquisa: Cuidado é Fundamental Online	R de Pesq: cuidado é fundamental Online-Bra-	2175-5361
Revista de Pesquisa: Cuidado é Fundamental. Nursing & Research	R de Pesq: cuidado é fundamental-Bra-	1809-6107
Revista Eletrônica de Enfermagem	REE-Bra-	1518-1944
Revista ENE de Enfermería	Ene (desde 2018) Rev ENE Enferm (hasta 2017)	1988-348X
Revista Enfermagem Uerj	R Enferm UERJ	0104-3552
Revista Enfermería Actual en Costa Rica	REVENF	1409-4568
Revista Enfermería del Trabajo	Enferm Trab	2174-2510
Revista Enfermería Herediana	Rev enferm Herediana	Versión impresa: 1998-5487, Versión dixital: 2075-4000
Revista Ética de los Cuidados	Rev Etica de los cuidados	1988-7973
Revista Gaúcha de Enfermagem	Rev Gaúcha Enferm	0102-6933
Revista InfoTrauma	InfoTrauma	1698-5443
Revista Investigação em Enfermagem	Revista Investigação em Enfermagem-Por-	0874-7695
Revista Latino-Americana de Enfermagem	Rev Latino-am Enfermagem-Bra-	impresa 0104-1169 / en liña 1518-8345
Revista Mexicana de Enfermería Cardiológica	Rev Mex Enferm Cardiológica	1405-0315
Revista Mineira de Enfermagem	Reme-Bra-	1415-2762
Revista Nursing-edición brasileña-	Revista Nursing-Bra-	1415-8264
Revista Panamericana de Enfermería	Rev Panam Enferm-Méx-	1679-74851



Título da revista	Abreviatura	ISSN
Revista Paulista de Enfermagem	Rev Paul Enf	0100-8889
Revista Rol de Enfermaría	Rev ROL Enferm	0210-5020
Revista Saúde coletiva	Saúde coletiva-Bra-	1806-3365
Revista Técnico-científica de Enfermagem	RECENF	1677-7271
Revista Tesela. Revista de la Asociación Nacional de Directivos de Enfermería	Rev Tesela	1887-2255
RN (Revista de Formación Continuada en Enfermería)	RN	1132-6220
Salud y Ciencia	Sal Ciencia	D.L.: Z-1123/89 1136-8845
Salut	Salut	0214-3631
SMAD Revista Eletrónica Saúde Mental Álcool e Droga	SMAD, Rev. Eletrónica Saúde Mental Álcool Drog	1806-6976
SOBECC, em Revista	Rev SOBECC	1414-4425
Temas de Enfermería	Temas de Enferm	D.L.: GR-189-1982 1131-4338
Temas de Enfermería Actualizados	Temas Enferm Act	0328-5057
Temperamentvm	Temperamentvm	1699-6011
Texto & Contexto: Enfermagem	Texto Contexto Enferm	0104-0707
Todo Enfermería	Todo Enferm	1133-3650
Visión de Enfermería Actualizada	VEA	1669-385X

